ACTA NUMERO DOUS CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 21 DE XANEIRO DE 2005.

----------oOo----------

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e un de xaneiro de dous mil cinco reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dª María Carmen da Silva Méndez, D. Guillerme Vázquez Vázquez, D. Raimundo González Carballo, D. Xosé Luís Bará Torres, Dª María dos Anxos Riveiro Portela, Dª María Nieves Cuéllar Redondo, D. Miguel Anxo Vázquez Plaza, D. Xosé Luís Veiga Lage, Dª María Teresa Pedrosa Silva, Dª María de los Angeles Herrero Pérez, D. José Manuel Fernández Rodríguez, D. Celestino Lores Rosal, Dª Blanca García-Señoráns Álvarez, D. José María Covelo Cartelle, Dª Begoña Laya Iglesias, Dª Beatriz Piñeiro Lago, Dª María Teresa Casal García, Dª Margarita Castejón García, D. Guillermo Antonio Meijón Couselo, D. José Antonio García Lores e D. José Rivas Fontán**, -exceptuando D. José Rivas Fontán que se incorpora despois do punto 4 dos incluídos na orde do día-, non asistindo **D. Francisco Arturo Pichel Márquez e D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, estando presente o Sr. Interventor **D. Manuel Loureiro Blanco**, actuando como Secretario **D. Julio Dapena Outomuro**, que dá fe do acto.

O Iltmo. Sr. Alcalde declara aberta a sesión.

ORDE DO DÍA

1.- ACTA ANTERIOR: APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DE 22 DE DECEMBRO DE 2004.

Dáse conta do borrador da acta da sesión plenaria ordinaria que tivo lugar o día 22 de decembro de 2004, que é aprobado sen modificación ningunha.

2.- URBANISMO: APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA, NOS RUEIROS B, C1, C2 E D, ABRANGUIDOS ENTRE A AVENIDA DE JUAN CARLOS I, PARCELA DOTACIONAL, RUEIRO AY E RÚA DA ESTRADA, NO ÁMBITO DA ANTIGA UNIDADE DE ACTUACIÓN 14-1 DO PXOU.

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión Informativa Municipal de Urbanismo e Medio Ambiente á aprobación inicial da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana, nos rueiros B, C1, C2 e D, abranguidos entre a avenida de Juan Carlos I, parcela dotacional, rueiro AY e rúa da Estrada, no ámbito da antiga Unidade de Actuación 14-1 do PXOU.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Blo-

que Nacionalista Galego, o cal manifesta que a Unidade 14 foi a primeira de promoción privada que se fixo en Pontevedra, que se tramitou xa hai bastantes anos, houbo bastantes erros froito de ser pioneira e deses erros hai esas consecuencias que incluso son noticia de vez en cando, que non está recepcionada a urbanización, que se a zona verde está en mellor ou en peor estado cando teñen os promotores que sostela e non se pode recepcionar, isto foi levando moitísimos trámites e ao final este é o último para axustar unha ordenación que había dentro de parte desta unidade, que era practicamente inviable, quedaba unha zona verde impracticable e unha edificación cun muro pegado ata a terceira planta, con esta rectificación esperemos que se poida, cando se aprobe definitivamente, resolver toda a problemática que xurdiu neste ámbito, que nestes momentos está a inmensa maioría practicamente construído.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ao proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o presente expediente administrativo incoado a instancia de don José L. Cortizo González e/r "COMPAÑÍA MERCANTIL UA-14 S.L." para a modificación puntual do PXOU nos rueiros abranguidos entre a Avda. Juan Carlos I, parcela dotacional, "Rueiro A4 e rúa de a estrada no eido da antiga U.A. 14.1, esta Secretaría Xeral, en cumprimento do disposto no art. 3°b) do Real Decreto 1174/1987, que impón ó Secretario da Corporación o deber de informar preceptivamente en aqueles asuntos que a súa aprobación esixa unha maioría especial, como son a aprobación inicial do planeamento xeral, e polo tanto as súas modificacións, emítese o seguinte informe.

Resultan acreditados os seguintes

FEITOS:

1°.- O Plan Xeral de Ordenación Urbana deste Concello aprobouse definitivamente por orde da COTOPV de 18/12/89 (DOG n°9 DE 12/01/90, Normas urbanísticas publicadas no BOP n° 27 de 2/02/90), con posterioridade, en data 29/09/94 aprobouse definitivamente o PERI da Unidade de Actuación 14 do PXOU.

2°.- Tramitado baixo o n° 32.859/03 o expediente de solicitude de Aprobación da modificación puntual do PERI da UA N° 14.1 do PXOU/A Parda, a Comisión Informativa Municipal de Urbanismo e Medio Ambiente dictaminou na súa sesión de 18/02/04:

"O Secretario procede á lectura do informe xurídico emitido polo Xefe do Gabinete de Alcaldía, interesando pronunciamento da Comisión sobre a procedencia de acometer a modificación puntual e decisión respecto da opción de proceder ben a unha modificación puntual do PERI, como se insta, ou ben a unha modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana..." "... a Comisión, por unanimidade, amosa a súa conformidade ás propostas de modificación solicitadas, se ben entende procedente que tales modificacións se leven a cabo a través dunha modificación puntual do PXOU e non a través dunha modificación do PERI, como se instou, o que se participará á Xunta

de Compensación solicitante.”

3°.- O 11/03/04 o Sr. Cortizo González e/r “COMPAÑÍA MERCANTIL U.A.-14 S.L.” solicita a aprobación da modificación do PXOU no emprazamento devandito, achegando proxecto de “Modificación puntual del PXOU en las manzanas comprendidas entre Avda. de Juan Carlos I, parcela dotacional, manzana AY y R/ de La Estrada” subscrito polo arquitecto don José Enrique Pérez-Arda Criado, con data de visado colexial de 8/03/04.

4°.- Remitida esta documentación á Oficina Técnica de Planeamento e Xestión Urbanística (O.T.P.X.U.) polo seu Arquitecto Xefe emitiuse informe en data 5/04/04 no que textualmente indica:

“a) Antecedentes

Con fecha 1 de junio de 2000 se informó el expediente que tenía el número 9400/99 de registro de entrada en el Ayuntamientoo en el que se solicitaba la división de la unidad de ejecución 14-1 que estaba en fase urbanización y edificació

edificación, en dos, P 14-A y P 14-B de manera que el ámbito correspondiente al B no se modificase y el correspondiente al A se sometiese a un estudio detallado y su posterior remodelación. Este estudio comprendía las parcelas B, C_1, C_2 y ZV-1.

Al estar incluidas todas las parcelas en el interior de un ámbito perfectamente definido y delimitado por las calles y la delimitación de la unidad, se informó por el que suscribe, entre otras cuestiones:

“Por otro lado si lo que se pretende es el estudio meticuloso del ámbito de las parcelas B, C_1, C_2 y ZV-1, lo que corresponde es la delimitación de un nuevo polígono que, respetando el sistema viario perimetral a fin de que la actuación pueda considerarse en suelo urbano consolidado, se desarrolle por un estudio de detalle para definir las rasantes interiores y reordenación de volúmenes, sin incrementar la altura de las edificaciones y un posterior proyecto de urbanización.”

Tras diversas reuniones mantenidas por los técnicos de este servicio con varios de la propiedad que presentaban diversas propuestas y las correspondientes discusiones sobre sus posibilidades y adaptación a la legislación urbanística, ante el plazo perentorio determinado por la L 9/2002 para la total tramitación de los polígonos contenidos en el PG según las determinaciones de éste, se presentó una de Modificación Puntual del PERI puesto que se incluye el sólido D situado en otra manzana con un traslado de parte del aprovechamiento.

La Comisión Municipal Informativa de Urbanismo y Medio Ambiente, en su sesión de 18 de febrero de 2004, dictaminó favorablemente la propuesta urbanística pero considerando que el instrumento adecuado para su tramitación es la Modificación Puntual del PGOU y no del Plan Especial, documento que ahora se presenta.

b) Análisis de la Propuesta

El proyecto presentado contiene la misma solución urbanís-

tica que la modificación del PE anteriormente presentado y que fue favorablemente dictaminada por CIMUMA, corrigiendo lo indicado en el informe del que suscribe de fecha 27 de enero de 2004.

La propuesta define completamente las rasantes de la zona verde 1 situada en el interior de la manzana delimitada por los bloques B y C, adecuándola a estado del terreno actual, definiendo las rasantes interiores en la zona lindante con las edificaciones y forma de acceso entre los distintos niveles.

En el bloque que B se efectúa una redistribución del volumen de manera que el nivel de plantas del edificio es inferior según sube la cota de la R/ de la Estrada evitando el impacto del exceso de volumen en la zona próxima a la zona del límite de la actuación donde en el exterior, la edificación admitida es la residencial extensiva.

El bloque C se limita a una sola planta comercial rematado en cubierta plana situada al nivel del terreno de la zona verde interior y, manteniendo la propiedad privada, se cede el uso de la cubierta para público a fin de dar continuidad a los espacios libres públicos libres del interior de la manzana como mirador. El aprovechamiento de las plantas superiores de este bloque se traslada al bloque D.

El bloque D asume el aprovechamiento que viene del bloque C uniformando las alturas y llegando al límite que admite el plan general de bajo+6 plantas, contabilizando las alturas desde la zona verde 2, teniendo este bloque una planta menos medido desde la rasante de la calle.

El cuadro analítico y resumen justifica la inexistencia de aumento de aprovechamiento. Las alturas de las edificaciones no sobrepasan en ningún caso las máximas previstas por el PG y se respetan las proporciones entre altura y ancho de calle. La propuesta no altera en ningún caso las infraestructura existe y realizada en desarrollo de las previsiones del PERI que se modifica y se ajusta a lo ya ejecutado.

En la memoria, en el gráfico que acompaña al apartado C "Normas de Edificación, c.2 Condiciones de edificación, volumen y uso" existe un error indicando en el cuerpo central del bloque D una planta más que la que indican los planos de ordenación y no corresponde, por lo tanto con el aprovechamiento calculado. Se nota que es un error mecanográfico por lo que tiene que prevalecer los cuadros del cálculo y las alturas indicadas en el plano O-1 "de ordenación", O-05 "Alzados y secciones A-Á, D-´D" y O-07 "Alzados y secciones E-É, L-´L".

El proyecto se adecua tanto en sus determinaciones como en su documentación a la LOU y PMRG así como al Reglamento de Planeamiento y determinaciones generales y sustanciales del PGOU de Pontevedra, por lo que se informa favorablemente, no obstante se han detectado dos errores subsanables que provienen de la documentación anterior; se deberá suprimir del Apartado "F) ANEXO: SÍNTESIS DE LA PROPUESTA" el párrafo relativo a "Superficie del polígono" y en el plano IU-0.1 "Plano de em-

plazamiento" la delimitación de las unidades de ejecución."

5º.- O 14/04/04 o Sr. Cortizo achega nova documentación consistente na folla 10 da memoria e plano IU-0.1 subscrito polo arquitecto don José Enrique Pérez-Arda Criado, con data de visado colexial de 6/04/04, que anulan e substitúen os seus correlativos do proxecto.

6º.- O Arquitecto Xefe da O.T.P.X.U. emitiu informe favorable en data 24/05/04, ó entender emendadas as deficiencias detectadas e ó entender adaptado o proxecto ás determinacións da lexislación urbanística autonómica e estatal sen afectar a criterios substanciais do planeamento municipal.

7º.- A Comisión Informativa Municipal de Urbanismo e Medio Ambiente na súa sesión de 2/06/04 dictaminou a remisión do expediente a informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Urbanismo con carácter previo a súa aprobación inicial.

8º.- Remitido o expediente á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en data 16/06/04, ós efectos de emisión do informe previsto no art. 85.1 da Lei 9/2002, polo Ilmo. Sr. Director Xeral de Urbanismo emitiuse informe en data 27/07/04, dando conta, non obstante, dunha serie de observacións e deficiencias a clarexar ou corrixir, con indicación expresa de que logo da súa aprobación provisional polo Concello deberá darse cumprimento ó disposto no art. 85.5 da devandita Lei.

9º.- O 9/09/04 achégase polo Sr. Cortizo documentación técnica consistente en anexo denominado "Ajustes del Expediente al Informe del Ilmo. Director Xeral de Urbanismo de 27 de julio de 2004", subscrito polo arquitecto don José Enrique Pérez-Ardá Criado e con data de visado colexial de 7/09/04 que inclúe novas páxinas 10, 11, 14, 17 do proxecto

10º.- En data 4/11/04 achégase polo solicitante plano corrixido nº 0-1 da mesma autoría e data de visado colexial de 3/11/04, que anula e substitúe o seu correlativo do proxecto

11º.- Novamente o 26/11/04 o Sr. Cortizo achega documentación corrixida e aclaratoria, relativa ó proxecto subscrita polo mesmo técnico e con data de visado colexial de 25/11/04.

12º.- O 7/12/04 o arquitecto xefe da Oficina Técnica de Planeamento e Xestión Urbanística emitiu informe no que textualmente indica:

"Las correcciones efectuadas, con fecha de visado en el COAG de 25-11-04, se han ajustado a las observaciones realizadas en el informe del Sr. Director General de Urbanismo de la C.P.T.O.P.V. de fecha 27 de julio de 2004 en su expediente 50/04-PO. Por lo que se informa favorablemente el expediente para su aprobación inicial.

No obstante, dadas las sucesivas correcciones efectuadas, se considera que, tras el trámite de la información pública y previamente a la aprobación provisional, se deberá refundir en un documento único. El expediente, al lindar con la C-531, deberá ser informado por la Delegación Provincial de Estradas

Autonómicas".

Son de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- Os plans xerais de ordenación municipal, e por conseguinte as súas modificacións serán formuladas polos Concellos respectivos art. 82 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante LOUPMRG)

Á súa vez o artigo 4.4 da LOUPMRG, determina que na formulación, tramitación e xestión do planeamento urbanístico, as administracións urbanísticas competentes deberán asegura-las participación dos interesados e, en particular, os dereitos de iniciativa ou información por parte das entidades representativas dos intereses que resulten afectados e dos cidadáns.

II.- O art. 93.4 da LOUPMRG, ó igual que o art. 161 do Regulamento de Planeamento Urbanístico (R.P.), Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, -declarado en vigor, no que non se opoña á Lei ou resulte afectado por esta, na súa Disposición Transitoria Sexta e Real Decreto 304/1993 de 26 de febreiro-, determina que as modificacións, de calquera dos elementos dos planos proxectos, normas e ordenanzas suxeitarase ás mesmas disposición enunciadas para a súa tramitación e aprobación, polo que, consonte ó art. 85.2 da LOUPMRG e 126 e ss. do RP corresponde a este Concello a aprobación inicial desta modificación por afectar unicamente a este termo municipal.

III.- O art. 94 da LOUPMRG esixe que calquera modificación do planeamento se funde en razóns de interese público debidamente xustificada, encamiñadas á mellora substancial da ordenación urbanística vixente, ó desconxestionamento urbano, á mellora da articulación dos espacios libres públicos e dos volumes construídos, á eliminación de usos non desexables ou á incorporación doutros necesarios, á creación de novas dotacións urbanísticas públicas, á resolución de problemas de circulación e a outros fins públicos.

Neste suposto o obxecto da modificación é o de solucionalos problemas que se presentan para a execución material das previsións do PERI da U.A. 14 fundamentalmente para executar a zona verde 1, que se detallan no informe do arquitecto municipal de planeamento e xestión urbanística de 5/04/04, transcrito no expositivo sendo o obxecto do presente proxecto, presentado pola propiedade pero avalado e admitido polo Concello, a reordenación dos volumes con modificación das alturas aplicables ás parcelas B, C1, C2 E D definidas no PERI da U.A. 14, e determinación das rasantes da zona verde 1, adecuándose ó estado do terreo actual dentro dun solo que xa foi urbanisticamente transformado e que na actualidade se trata de solo urbano consolidado. En definitiva a modificación atende a obxectivos dos recollidos no art. 94 da LOUPMRG anteriormente citados.

IV.- O art. 85.1 da LOUPMRG determina que rematada a fase de elaboración do planeamento e inmediatamente antes da súa

aprobación inicial o expediente deberá remitirse á Consellería para o seu informe, xa emitido en sentido favorable como se indicou no relato de feitos, polo que, consonte o art. 85.2 procederá a aprobación inicial polo Concello da modificación puntual e seguidamente será sometido ó trámite de información pública, como mínimo durante un mes e como máximo durante dous meses, mediante o anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior circulación na provincia, debendo publicarse o anuncio, neste último caso, en dous días consecutivos.

Simultaneamente ó trámite de información pública, a Admón. Municipal deberá solicitarlles ás Administracións Públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que deberán ser emitidos no prazo máximo de un mes, agás que a lexislación sectorial sinale outro prazo.

V.- A aprobación inicial ten un carácter de acto de trámite unanimemente recoñecido pola doutrina e xurisprudencia, se ben, este é esencial, en canto inicio do procedemento e ademais, no senso de que a súa omisión ou incorrecto cumprimento, provocan un vicio determinante da anulabilidade do procedemento (art. 63 da lei 30/1992 de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.).

A súa vez, este acto de aprobación inicial implica unha toma de posición sequera de carácter inicial, verbo dunha determinada realidade urbanística e a súa normativa.

VI.- O acordo de aprobación inicial, segundo o art. 127 do R.P., haberá de adoptarse cós requisitos e finalidades previstos para os actos en xeral desta Corporación, de tal xeito que o órgano competente para outorga-la aprobación inicial é o Concello Pleno, artigos 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Regulamentadora das Bases do Réxime Local na redacción conferida pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, 64.2.c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e art. 50.20 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, có quórum esixido polo art. 47.2.ll da referida Lei 7/1985, é dicir, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, que supera a maioría absoluta legal, e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Municipal de Urbanismo e Medio Ambiente, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación inicial ó Proxecto de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Pontevedra nos rueiros B, C1, C2 E D, abranguidos entre a Avda. Juan Carlos I, parcela dotacional, "Rueiro A4" e rúa de A Estrada no eido da antiga U.A. 14.1, sendo o documento de ordenación de modificación do PXOU, redactado polo Arquitecto don José Enrique Perez-Ardá Criado con data de visado colexial de 9/03/04 e 6/04/04 modificado pola documentación visada o 25/11/04 en cumprimento do informe da Consellería de Política

Territorial Obras Públicas e Vivenda do 27/07/04.

SEGUNDO.- Dispoñe-lo sometemento deste expediente a información pública polo prazo dun mes, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial da Provincia, Taboleiro de Edictos no Concello de Pontevedra e en dous dos xornais de maior circulación da provincia, debendo publicarse o anuncio, neste último caso en dous días consecutivos, á efectos de que durante tal período poidan formularse as alegacións e suxestións oportunas, computándose o momento inicial do prazo de alegacións, dende o día seguinte ó da publicación do primeiro anuncio e ata o transcurso do prazo de un mes computado desde a última das publicacións.

TERCEIRO.- Interesar durante o período de información pública do expediente, informe no prazo de un mes do Servizo Provincial de Estradas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda por entestar o ámbito da modificación coa C-531, concedendo audiencia ós seguintes organismos, co obxecto de que remitan este acordo ós diversos Órganos Periféricos das súas respectivas administracións públicas ou ben formulen as correspondentes alegacións ou emitan os seus oportunos informes, mediante a notificación deste acordo, podendo durante o referido prazo, examinar no Concello o expediente:

- Delegación do Goberno Central en Galicia.
- Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia.

CUARTO.- Culminado o período de información pública, e con carácter previo á aprobación provisional, redactarase un documento refundido da sucesiva documentación técnica obrante no expediente.

3.- URBANISMO: APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA NO RUEIRO Nº 6 PARA O ESTABLECEMENTO DUNHA RÚA ENTRE A RÚA LEANDRO DEL RÍO CARNOTA E O CAMIÑO DA TORRE, EN LÉREZ.

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, á aprobación inicial da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana no rueiro nº 6 para o establecemento dunha rúa entre a rúa Leandro del Río Carnota e o Camiño da Torre, en Lérez.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que isto refírese ao teleclub de Lérez, xa había o trámite fundamental feito que era a modificación do catálogo, este é un trámite complementario para deixar todo en orde, porque había un erro ou ordenación contemplada no actual Plan Xeral que podía dificultar tanto ao camiño como á propia construcción, de todas maneiras con isto queda todo en orde; tamén dicir que caso de que houbera a posibilidade por cuestións económicas de iniciar a construcción ou o proxecto xa se podería co anterior trámite, con este queda todo zanxado e o único que queda é poder rehabilitar ese edificio o antes posible.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ao proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o presente expediente administrativo incoado por este Concello para a modificación puntual do PXOU, no rueiro 6, para creación dunha rúa entre as de Reverendo del Río Carnota e Camiño da Torre, en Lérez, esta Secretaría Xeral, en cumprimento do disposto no art. 3ºb) do Real Decreto 1174/1987, que impón ó Secretario da Corporación o deber de informar preceptivamente en aqueles asuntos que a súa aprobación esixa unha maioría especial, como son os da aprobación provisional do planeamento xeral, e polo tanto as súas modificacións, emítese o seguinte informe.

Resultan acreditados os seguintes

FEITOS:

1º.- O Plan Xeral de Ordenación Urbana deste Concello aprobouse definitivamente por orde da COTOPV de 18/12/89 (DOG nº9 DE 12/01/90, Normas urbanísticas publicadas no BOP nº 27 de 2/02/90).

2º.- En data 13/04/04, don Jaime Iglesias González, presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Parroquia de Lérez formula unha solicitude de modificación puntual do P.X.O.U. para a apertura dunha rúa a través do rueiro nº 6 do Solo Urbano de Pontevedra, Camiño existente non recollido na cartografía do PXOU que discorre sobre terreos hoxe propiedade da referida Comunidade de Montes, por mor da intención de construír un edificio destinado a casa de cultura, para o que se tramitou modificación puntual do Catálogo de Edificios a Conservar do rural, definitivamente aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de 19/11/04.

En cumprimento de orde da Alcaldía, en data 25 de agosto de 2004 o Arquitecto Xefe da Oficina Técnica Municipal de Planeamento e Xestión Urbanística redacta un proxecto de modificación puntual do P.X.O.U. nese rueiro.

O seu obxectivo, como constaba na súa memoria, consistía en recoñecer no planeamento a existencia dun vial actualmente xa de uso público, dotándoo das características e dimensións adecuadas para que o actual camiño se poida adecuar ás determinacións de accesibilidade, infraestructuras e demais normativa sectorial en vigor.

Así mesmo, o proxecto de Modificación puntual tería tamén como fines que o solo no que existe un vial de uso público se recolla no planeamento municipal a fin da súa legalización urbanística dado o seu interese público debido á mellora substancial da ordenación urbanística vixente e á resolución do problema de circulación que se crearía se se anulase.

3º.- A Comisión Informativa Municipal de Urbanismo e Medio Ambiente, na sesión de 09/09/04, por unanimidade dos seus membros presentes, integrantes de tódolos Grupos Municipais representados na Corporación, dictamina favorablemente que, rematada a fase de elaboración desta modificación puntual do

planeamento, se remita a mesma á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia para a emisión do seu inicial informe previo á tramitación da modificación do P.X.O.U.

4º.- A Tenencia de Alcaldía da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, ó amparo das súas atribucións conferidas por resolución de 01/07/03, seguindo as estipulacións da lexislación sobre réxime do solo e ordenación urbana en vigor na nosa Comunidade Autónoma, remitiu o 20/09/04 unha copia íntegra do expediente a esa Consellería de Política Territorial, competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo para o seu informe, tendo entrada o expediente no Rexistro da súa Delegación Provincial en Pontevedra o 24/09/04.

5º.- En data 13/12/04, recibiuse o informe requirido, emitido polo Director Xeral de Urbanismo o 10/12/04 no que efectúa as seguintes observacións: en primeiro lugar, deberase incluír plano de características, rasante, previsión de aparcadoiros e redes e instalacións urbanísticas do novo vial (art. 54.f), g) e h) da Lei 9/2002 LOUG), xustificándose as previsións necesarias para evitar barreiras arquitectónicas (art. 48.4 LOUG, e art. 33.2 da Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, e 63.2 do seu Regulamento de desenrolo (Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro).)

En segundo lugar, indicábase que os planos que integran o proxecto de Modificación deberían vir asinados polo técnico redactor.

No referido informe emitido consonte ó art. 85.1 da LOUG indícase tamén expresamente que logo da aprobación provisional polo Concello, deberá darse cumprimento ó disposto no art. 855 do referido texto legal.

6º.- Incorporado este informe do órgano urbanístico autonómico ó expediente, foi remitido ó Arquitecto Xefe redactor do proxecto, quen procedeu á confección dun novo texto da Modificación Puntual do P.X.O.U., con data xaneiro de 2005, no cal se recollen as consideracións indicadas no informe autonómico.

Considerando de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Os plans xerais de ordenación municipal, e por conseguinte as súas modificacións serán formuladas polos Concellos respectivos art. 82 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante LOUPMRG).

Á súa vez o artigo 4.4 da LOUPMRG, determina que na formulación, tramitación e xestión do planeamento urbanístico, as administracións urbanísticas competentes deberán asegura-las participación dos interesados e, en particular, os dereitos de iniciativa ou información por parte das entidades representativas dos intereses que resulten afectados e dos cidadáns.

II.- O art. 93.4 da LOUPMRG, ó igual que o art. 161 do Regulamento de Planeamento Urbanístico (R.P.), Real Decreto

2159/1978, de 23 de xuño, -declarado en vigor, no que non se opoña á Lei ou resulte afectado por esta, na súa Disposición Transitoria Sexta e Real Decreto 304/1993 de 26 de febreiro-, determina que as modificacións, de calquera dos elementos dos plans proxectos, normas e ordenanzas suxeitarase ás mesmas disposición enunciadas para a súa tramitación e aprobación, sen prexuízo do disposto no art. 62 desta lei, polo que, consonte ó art. 85.2 da LOUPMRG e 126 e ss. do RP corresponde a este Concello a aprobación inicial desta modificación por afectar unicamente a este termo municipal.

III.- O art. 94 da LOUPMRG esixe que calquera modificación do planeamento se funde en razóns de interese público debidamente xustificada, encamiñadas á mellora substancial da ordenación urbanística vixente, ó desconxestionamento urbano, á mellora da articulación dos espacios libres públicos e dos volumes construídos, á eliminación de usos non desexables ou á incorporación doutros necesarios, á creación de novas dotacións urbanísticas públicas, á resolución de problemas de circulación e a outros fins públicos.

Neste suposto o obxecto da modificación, incardinado nos obxectivos citados é, como se indicou, recoñece-la existencia dun vial existente de uso público, non recollido na cartografía do PXOU, e imposible de eliminar, que permitirá a súa ampliación e por ende mellorará a accesibilidade e a circulación viaria da zona, amais de permitir a construcción dunha casa de cultura adaptada ás determinacións do PXOU, Catálogo de Edificacións e situación real dos viais cos que entesta a parcela.

IV.- O art. 85.1 da LOUPMRG determina que rematada a fase de elaboración do planeamento e inmediatamente antes da súa aprobación inicial o expediente deberá remitirse á Consellería para o seu informe, xa emitido en sentido favorable como se indicou no relato de feitos, polo que, consonte o art. 85.2 procederá a aprobación inicial polo Concello da modificación puntual e seguidamente será sometido ó trámite de información pública, como mínimo durante un mes e como máximo durante dous meses, mediante o anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior circulación na provincia, debendo publicarse o anuncio, neste último caso, en dous días consecutivos.

Simultaneamente ó trámite de información pública, a Admón. Municipal deberá solicitarlles ás Administracións Públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que deberán ser emitidos no prazo máximo de un mes, agás que a lexislación sectorial sinale outro prazo.

V.- A aprobación inicial ten un carácter de acto de trámite unanimemente recoñecido pola doutrina e xurisprudencia, se ben, este é esencial, en canto inicio do procedemento e ademais, no senso de que a súa omisión ou incorrecto cumprimento, provocan un vicio determinante da anulabilidade do procedemento (art. 63 da lei 30/1992 de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Adminis-

trativo Común.).

A súa vez, este acto de aprobación inicial implica unha toma de posición sequera de carácter inicial, verbo dunha determinada realidade urbanística e a súa normativa.

VI.- O acordo de aprobación inicial, segundo o art. 127 do R.P., haberá de adoptarse cós requisitos e finalidades previstos para os actos en xeral desta Corporación, de tal xeito que o órgano competente para outorga-la aprobación inicial é o Concello Pleno, artigos 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Regulamentadora das Bases do Réxime Local na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, 64.2.c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e art. 50.20 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, có quórum esixido polo art. 47.2.ll) da referida Lei 7/1985, é dicir, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, que supera a maioría absoluta legal, e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Municipal de Urbanismo e Medio Ambiente, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación inicial ó Proxecto de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Pontevedra no rueiro 6, para creación dun vial entre as Rúas Leandro del Río Carnota e Camiño da Torre, en Lérez, formulado por este Concello e redactado polo Arquitecto Xefe da Oficina Técnica de Planeamento e Xestión Urbanística, en xaneiro de 2005, contando con informe da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda do 10/12/04, emitido consonte ó art. 85.1 da Lei 9/2002.

SEGUNDO.- Dispoñe-lo sometemento deste expediente a información pública polo prazo dun mes, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial da Provincia, Taboleiro de Edictos no Concello de Pontevedra e en dous dos xornais de maior circulación da provincia, debendo publicarse o anuncio, neste último caso en dous días consecutivos, á efectos de que durante tal período poidan formularse as alegacións e suxestións oportunas, computándose o momento inicial do prazo de alegacións, dende o día seguinte ó da publicación do primeiro anuncio e ata o transcurso do prazo de un mes computado desde a última das publicacións.

TERCEIRO.- Interesar durante o período de información pública do expediente, informe da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, por afectar ó contorno de inmobles catalogados, e Servicio Provincial de Estradas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, por entestar o ámbito da modificación coa PO-223, concedendo audiencia ós seguintes organismos, co obxecto de que remitan este acordo ós diversos Órganos Periféricos das súas respectivas administracións públicas ou ben formulen as correspondentes alegacións ou emitan os seus oportunos informes, mediante a notificación deste acordo, podendo durante o referido prazo, exami-

nar no Concello o expediente:

- Delegación do Goberno Central en Galicia.
- Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA DINAMIZACIÓN E APOIO Á PARTICIPACIÓN DAS FORZAS POLÍTICAS E DA SOCIEDADE GALEGA NA REDACCIÓN DUN NOVO ESTATUTO DE GALICIA.

Dáse conta de moción do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego referente a dinamizar e demandar a participación das forzas políticas e da sociedade galega na redacción dun novo estatuto para Galiza, do teor literal seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O debate sobre o modelo de Estado e sobre a súa reformulación está definitivamente aberto e ocupa boa parte da actualidade política e mediática. Como galegos e galegas podemos asistir como simples espectadores a ese debate, pero tamén podemos asistir como protagonistas, coas nosas propias propostas e demostrando que pode e debe haber unha vía galega para a transformación positiva, constructiva e dialogada.

De como se resolva este debate depende que Galiza teña ou non as ferramentas que precisamos para construír a Galiza do século XXI: a Galiza do benestar, das ideas e das oportunidades para todos e todas. E para que Galiza saia con ben deste reto é necesario institucionalizar unha nova cultura política respectuosa co pluralismo, na que todos temos moito que aportar, sen exclusións e sen prexuízos, e nese empeño os concellos galegos deben ter un gran protagonismo.

O actual marco estatutario concibiuse como un punto de partida para o desenvolvemento dinámico do autogoberno e das institucións galegas. Neste novo tempo político o BNG quere impulsar un desenvolvemento leal do marco competencial en beneficio do autogoberno, estipulando un novo marco económico baseado na autonomía fiscal e financeira, garantindo máis compromiso do Estado con Galiza e facendo posíbel máis Galiza no mundo, abrindo novos escenarios competenciais que permitan defender os nosos intereses alá onde se deciden.

Galiza non pode agardar. A historia non entende de ritmos electorais e é o momento de asumir colectivamente un plan de traballo para asegurar que Galiza teña o seu papel protagonista na historia e no futuro que nos merecemos.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Apoiar a creación no Parlamento galego dunha "Comisión do Novo Estatuto" que nos vindeiros meses, e con independencia dos ritmos electorais, se ocupe de elaborar un documento de bases consensuado. Un decálogo de intencións e compromisos que leve o optimismo e a esperanza á sociedade galega e meta ao noso país no debate estatal.

2. Apoiar institucionalmente o compromiso colectivo dun

consenso reforzado para garantir que o Novo Estatuto sexa efectivamente de todas e todos os galegos, comprometéndonos como representantes da cidadanía galega na colaboración co novo Parlamento que xurda das eleccións, que terá a responsabilidade de consensuar o texto definitivo, para que ninguén se sinta excluído e todos nos sintamos parte.

3. Apoiar o obxectivo de someter o Novo Estatuto, unha vez aprobado polas Cortes do Estado tal e como determina o actual estatuto, a unha consulta popular, comprometéndonos a traballar para acadar unha participación masiva nesa consulta na que a cidadanía galega se manifeste dona de si mesma.

4. Comprometérmonos, como representantes de distintas forzas políticas, a deixar fóra da confrontación electoral o consenso para o Novo Estatuto, traballando dende hoxe nun texto de consenso, sen interferencias foráneas.

De seguido, polo Secretario deuse lectura ao seguinte dictame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior e Persoal, sobre a moción referenciada:

Examinada a moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre a dinamización e apoio á participación das forzas políticas e da sociedade galega na redacción dun novo Estatuto de Galicia, a Comisión Informativa de Réxime Interior e Persoal, por maioría, dictamina favorablemente a proposta de acordo segundo a redacción recollida nos catro puntos da parte dispositiva da moción.

Votan en contra os dous vocais do grupo municipal do PP. Abstéñense na votación os dous vocais do grupo municipal do PS de G-PSOE. Votan a favor os tres vocais do grupo municipal do BNG.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Guillerme Vázquez Vázquez, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que é sabido que o Bloque Nacionalista Galego dende sempre defende a capacidade de autogoberno de Galicia e xa que logo a capacidade de tomar decisións que sirvan para mellorar as condicións de vida dos galegos e das galegas e dende logo reforzar a nosa identidade nacional; esa capacidade de decisión real, se me permiten, faise hoxe máis necesaria que nunca nunha Europa e nun mundo onde cada vez se alonxan máis os centros de decisión e onde a uniformización cultural ameaza con destruír as seculares identidades dos pobos; no Estado español, despois dun período de férrea centralización e uniformismo, coa chegada da democracia abriuse a posibilidade de que Galicia, como nacionalidade histórica, se dotase dun estatuto de autonomía, un estatuto que, dende logo non crendo que fose o que Galicia necesitaba dende o punto de vista competencial, nós estivemos sempre dispostos a que del se tirasen tódalas posibilidades de autogoberno que ofrecía, pero sen entrar a considerar neste momento o que puido ser e non foi, o certo é que no Estado español a ninguén se lle escapa que está aberto o debate para reformulación dos estatutos vixentes e de xeito especial aínda que non só nas na-

cionalidades históricas e nestas circunstancias os galegos e as galegas podemos ou ben ficar impasibles á espera do que suceda noutras comunidades autónomas e en función diso esperar a que nos outorguen máis ou menos dereitos competenciais, é dicir seguir camiñando na práctica cara á nosa autodesconsideración, ou tomar a iniciativa política e poñer en marcha os traballos necesarios para a elaboración dun novo estatuto, facelo cun amplo acordo entre todos, un acordo baseado nas necesidades reais deste país e un acordo que permita a súa utilidade, que sexa útil para resolver os problemas dos nosos cidadáns; nós somos dos que cremos que Galicia non pode seguir por esta senda que nos está conducindo á regresión demográfica, ao estancamento, e que ao final segue conducindo desgraciadamente á expulsión de miles e miles dos nosos concidadáns que teñen que buscar saída noutras latitudes e dende logo unha peza básica, non única, pero unha peza importante e básica para reconducir esta situación é dotarse dun novo estatuto que mellore as nosas capacidades de influír positivamente en calquera instancia onde se decidan as políticas que se nos aplican, ou aplicar nós políticas propias que nos fagan saír desta situación; volvo a dicir que temos agora mesmo unha oportunidade que non debemos deixar pasar, debemos optar por unha vía galega para reforma do estatuto e debemos facelo dende xa e creo que, independentemente da confrontación política ou electoral, estas cuestións debían estar por enriba dese tipo de cuestións; por último dicir que os concellos son institucións dende as que se pode impulsar esta iniciativa de reforma estatutaria instando ao Parlamento Galego a poñer en marcha estes traballos sen demora, é por iso que o Bloque Nacionalista Galego propón a este Pleno adoptar o seguinte acordo: En primeiro lugar, apoiar a creación no Parlamento galego dunha "Comisión do Novo Estatuto" que nos vindeiros meses, e con independencia dos ritmos electorais, se ocupe de elaborar un documento de bases consensuado, un decálogo de intencións e compromisos que leve o optimismo e a esperanza á sociedade galega e meta ao noso país no debate estatal; en segundo lugar, apoiar institucionalmente o compromiso colectivo dun consenso reforzado para garantir que o Novo Estatuto sexa efectivamente de todas e todos os galegos, comprometéndonos como representantes da cidadanía galega na colaboración co novo Parlamento que xurda das eleccións, que terá a responsabilidade de consensuar o texto definitivo, para que ninguén se sinta excluído e todos nos sintamos parte; en terceiro lugar, apoiar o obxectivo de someter o novo Estatuto, unha vez aprobado polas Cortes do Estado, tal e como determina o actual estatuto, a unha consulta popular, comprometéndonos a traballar para acadar unha participación masiva nesa consulta na que a cidadanía galega se manifeste dona de si mesma, e en cuarto lugar, comprometérmonos, como representantes de distintas forzas políticas, a deixar fóra da confrontación electoral o consenso para o novo Estatuto, traballando dende hoxe nun texto de consenso, sen interferencias foráneas.

Seguidamente intervén a portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona María Teresa Casal García, dicindo: Xa adianto que en principio estamos de acordo coa proposta do grupo do BNG, se ben fareille unha pequena emenda ao final en aras dun maior consenso, e temos que estar de acordo porque xa no inicio da presente lexislatura o portavoz socialista no debate de investidura plantexou a necesidade a abrir un proceso para reforzar a capacidade de autogoberno de Galicia e a súa participación nas institucións do Estado e da Unión Europea, esta proposta de reforma do Estatuto de autonomía foi feita pública posteriormente por Emilio Pérez Touriño no documento presentado en Rianxo o 25 de xullo de 2002 con motivo da celebración do Día de Galicia, no que manifestaba a necesidade de abrir un proceso de diálogo entre as forzas políticas no Parlamento de Galicia para a avaliación e o reforzamento do autogoberno de Galicia e da propia reforma do Estatuto de autonomía, a dita proposta foi recollida en distintas iniciativas e debates plantexados polo grupo parlamentario dos socialistas de Galicia no Parlamento Galego, nas que se plantexaba a creación dunha comisión con representación de tódolos grupos parlamentarios, na que puidesen participar expertos ou representantes significativos da sociedade, iniciativas que desgraciadamente foron reiteradamente vetadas por Fraga e rexeitadas pola maioría do PP no Parlamento de Galicia; son moitas e moi evidentes as razóns polas que é preciso e oportuno proceder a unha reforma en profundidade do noso actual Estatuto de autonomía, Galicia non pode desaproveitar esta oportunidade para sentar un marco xurídico político que lle garanta os niveis óptimos de autogoberno e lle permita, ao mesmo tempo, participar na definición das políticas do Estado que máis afectan aos galegos e ás galegas e aos sectores estratéxicos do país; para acadar estes obxectivos dende o Partido Socialista pensamos que é imprescindible que a reforma do estatuto contemple unha profundización e unha mellora cualitativa do ámbito competencial exclusivo da comunidade autónoma e aposte aberta e decididamente pola acción exterior, hai que lembrar que cando se aprobou o actual marco constitucional España aínda non formaba parte da Unión Europea e agora estamos a piques de ratificar o tratado da Constitución europea, moitas das políticas que afectan aos nosos sectores básicos da economía defínense en Bruxelas e non en Madrid e os galegos e as galegas debemos despregar tódalas nosas enerxías e capacidades para contribuír a facer avanzar con sensatez e con propostas constructivas un novo pacto territorial desenvolvido no marco da Constitución e que resolva axeitadamente a ecuación entre cohesión e diversidade; entendemos que a reforma do estatuto ha de ser elaborada dende a máis ampla participación de tódalas forzar políticas galegas representadas no Parlamento de Galicia e cunha indubidable vontade de consenso, pero tamén estimamos preciso o concurso da sociedade civil, o concurso dos concellos, das universidades, dos axentes sociais, das asocia-

cións e colexios profesionais, das ONG, etc., todos eles deben aportar ideas e propostas ao debate, porque todos conforman a sociedade madura, rica e complexa que é a Galicia de hoxe, é imprescindible pois que dende as instancias políticas actuemos con vocación de apertura e con vontade de implicar e mobilizar o mellor do noso país neste proceso, de aí a pequena emenda a que me refería ao principio en canto a que se recolla na proposta de acordo esta participación dos axentes sociais na preparación, debate e elaboración do Estatuto de Galicia, non para Galicia, senón de Galicia.

Intervén a continuación don José Manuel Fernández Rodríguez, en representación do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que o seu grupo municipal considera que aquí o que se está plantexando hoxe é unha moción que ten un marcado carácter político por interese partidario dos grupos do BNG e do PSOE, que traen aquí unha moción simplemente para ter algo que dicir, manifestaba antes o señor Vázquez que, por exemplo, o foro adecuado era o Concello, nós tampouco estamos moi de acordo, porque aquí parece ser que o Concello está a ser un fondo de saco onde cabe calquera tipo de debate e calquera tipo de cousa; cremos que hai cuestións importantes que os cidadáns e políticos nos esixen, que son solucionar os problemas reais dos pontevedreses, por exemplo o tema do botellón e a movida os fins de semana, o tema do ruído, o tema do tráfico ou o tema, por exemplo, da cidade sucia, eses si que son temas importantes a tratar nos Plenos do Concello de Pontevedra e que son a esixencia dos cidadáns; en todo caso, con respecto a esta moción, dicir que se plantexa, ao noso entender, apenas a oito meses dunhas eleccións autonómicas, que ademais é evidente que nun prazo tan curto de tempo non é posible facer unha reforma con seriedade e consensuada, porque tamén é imposible, nos parece a nós, eludilo ou illalo do que é a confrontación electoral, co cal nós consideramos que practicamente este debate non se podería producir de forma sosegada e de forma case consensuada; entendemos de todas maneiras tamén que se nos fala nesta proposta de acordo, que variou porque na Comisión houbo outra proposta de acordo na cal citaba cuestións como "para que ninguén se sinta excluído" e todo este tipo de frases, porque non sabemos que no Estatuto de Galicia haxa alguén que se sinta excluído e agora se pretende facer un novo estatuto para incluír a todos, porque non sabemos quen está fóra dese presunto novo estatuto, o que está aquí plantexando é a creación dun novo estatuto non dunha reforma e teño que dicir que o Estatuto actual aínda hai que profundizar no desenvolvemento do mesmo, xa que o traspaso de competencias aínda non está pechado, falamos de máis de trinta transferencias a negociar, seguridade vial, tráfico, aeroportos, transferencias que nalgúns casos xa estabamos negociando co goberno anterior e que aínda agora recentemente o trasladamos ao goberno actual, e ademais, como dixen antes, consideramos que este momento preelectoral non é adecuado para unha reforma estatutaria, xa

que o inevitable clima de confrontación ideolóxica nas eleccións non é o máis propicio para debater un estatuto que ten que vir do consenso, polo tanto a nosa postura é votar en contra desta proposta de acordo.

De novo intervén o señor Vázquez Vázquez, dicindo que, respectando a decisión do grupo popular de votar en contra desta iniciativa, simplemente matizar, pois non digo que en oito meses se poida elaborar, digo que se empecen os traballos, polo demais non vou a entrar a discutir a súa argumentación, só lle quero dicir que os concellos sempre, tanto neste Estatuto que temos vixente como no do ano 1936, tiveron un papel, eu non digo que se discuta neste foro, digo que podemos instar a que se discuta; en todo caso, tomando en conta as consideracións da señora Casal, creo que podo propoñer un texto que, sen desvirtuar o contido da iniciativa, recolle as aportacións feitas pola señora portavoz do grupo socialista, que sería o seguinte: Apoiar a creación no Parlamento Galego dunha comisión que, constituída por representantes dos grupos parlamentarios e buscando o concurso de expertos e representantes dos diversos ámbitos da sociedade galega, comece os traballos para a elaboración dun novo Estatuto para Galicia, que unha vez aprobado polas Cortes do Estado será sometido á aprobación do conxunto da cidadanía galega; esta é a proposta de votación que eu lle paso ao señor Secretario para que a coñeza.

Volve a intervir a señora Casal García dicindo que agradece a vontade de consenso do señor Vázquez, estamos de acordo e por suposto votaremos a favor desta moción, lamentando que este consenso non abranga a tódolos grupos aquí representados, porque precisamente non é que nos concellos se poida o non se poida debater e que non haxa cousas concretas de exclusiva competencia dos concellos, niso estamos todos de acordo, pero hai temas que nos afectan a tódolos galegos e a tódalas galegas e polo tanto non está mal que dende tódalas instancias propiciemos que eses temas importantes para todos e para todas tamén se apoien dende institucións, tanto dende o concello como dende a cidadanía en xeral.

Novamente intervén o señor Fernández Rodríguez dicindo que non di que non se poidan tratar eses temas, senón que o Concello está sendo xa un caixón de xastre onde cabe todo, que hai temas moito máis importantes e de interese cidadán, pero dígolle de todas maneiras que non pode haber un consenso, a postura do noso partido e do noso grupo municipal é de que a proposta nosa vai ir no programa electora que terán que ler os cidadáns e votar en consecuencia nas próximas eleccións.

Durante o debate da moción a portavoz do grupo municipal socialista propuxo unha emenda cun texto alternativo á parte dispositiva da moción, que foi aceptado polo portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Rematado o debate, sométese a votación a moción presentada modificada na súa parte dispositiva polo texto alternativo

consensuado, pronunciándose a favor catorce Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 4 presentes do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e en contra oito Concelleiros (os 8 presentes do grupo municipal do Partido Popular). En consecuencia, o Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación á exposición de motivos da moción presentada e á súa parte dispositiva nos seguintes termos:

Apoiar a creación no Parlamento Galego, dunha comisión que, constituída por representantes dos grupos parlamentarios, e buscando o concurso de expertos e representantes dos diversos ámbitos da sociedade galega, comece os traballos para a elaboración dun novo Estatuto para Galicia, que unha vez aprobado polas Cortes do Estado, será sometido á aprobación do conxunto da cidadanía galega.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR REFERIDA Á SITUACIÓN DO TRÁFICO NA CIDADE DE PONTEVEDRA.

Dáse conta de moción do grupo municipal do Partido Popular referente á situación do tráfico na cidade de Pontevedra, do teor literal seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tráfico é unha materia sensible, un dos primeiros problemas que padece a nosa cidade como así o manifestan os veciños a través das enquisas publicadas nos medios de comunicación.

Pontevedra necesita dun plan de ordenación do tráfico feito por técnicos e non por políticos. A carencia deste plan fai que a circulación dos vehículos sexa caótica. As persoas do extrarradio e as dos concellos limítrofes da nosa área de influencia poden negarse a vir á cidade si os problemas de tráfico empeoran.

Segundo o noso entender á alternativa a unha cidade dos coches non é unha cidade sen coches.

A avenida de Lugo, 12 de novembro José Malvar, A Ponte dos Tirantes, a Avenida de Compostela, o nudo do Pino, Fernández Ladreda, Uxio Novoneira, Eduardo Pondal, Echegaray, Alfonso XIII e algunhas outras rúas céntricas da cidade, dependendo da hora, son algúns dos puntos máis conflictivos para o tráfico en Pontevedra.

Ademais, a reforma do cruce entre as rúas de Cobian Areal, con Loureiro Crespo e José Millán en lugar de arranxar un problema xa existente contribuíu a crear outro máis forte.

O Grupo Municipal do Partido Popular está moi preocupado polas consecuencias que poida traer para o tráfico as novas reformas nas rúas de Cobián Roffignac, xeral Martitegui, praza de Concepción Arenal e outras, xa que non se poden facer obras sen máis, senón seguindo un plan global elaborado por técnicos.

Entendemos que a limitación do acceso dos vehículos á zona urbana esixe medidas de apoio que garanticen o acceso mediante alternativas ó automóbil.

É preciso dar solución ós problemas reais da cidade. Os atascos de tráfico e a falta de prazas de aparcamento convértense en problemas cotiás para os cidadáns, que ven reducida así a súa calidade de vida.

A conducción frecuente provocada polos continuos atascos e a búsqueda de estacionamento na cidade está a provocar danos ós automobilistas, os cales chegan a sufrir trastornos de ansiedade. Este estado de ánimo inflúe negativamente no conductor á hora de enfrontarse ás diferentes situacións do tráfico.

Así mesmo, a falta de transporte urbano colectivo, instrumento determinante para a mellora do tráfico na cidade, así como a escaseza de aparcamentos, provoca que non exista unha política integrada de tráfico pola que se combinen medidas de prioridade ó transporte público e se potencie o uso da bicicleta ou da motocicleta.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular formula ó Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1. Implantación do transporte urbano colectivo.

2. Habilitación de carrís reversibles durante as horas punta.

3. Estudio das rutas e dos horarios dos autobuses escolares coa implantación de paradas que non interrompan ó tráfico ou o fagan o menos posible.

4. Desenrolo de alternativas atractivas ó coche privado, fomentando o uso da bicicleta e a motocicleta, así como habilitar aparcamentos para estes vehículos cerca dos centros comerciais, os centros educativos, os edificios administrativos, etc.

5. Reforma no cruce entre as rúas Cobián Areal, Loureiro Crespo e José Millán, de forma que a rúa Cobián Areal recupere o dobre carril ó igual que o tramo comprendido entre Benito Corbal e a confluencias das rúas Blanco Porto e Javier Puig a fin de evita-lo embudo actual.

6. Permiti-lo xiro dos vehículos procedentes de Andrés Mellado hacía a Rúa Peregrina e Fray Juan de Navarrete e dirección Joaquín Costa, trasladando o paso de peóns existente na confluencia.

7. Cambia-la de dirección da rúa Vasco da Ponte, de forma que os vehículos que circulan pola praza de Barcelos poidan acceder a Benito Corbal e Sagasta.

8. Elaboración dun Plan Integral de Mobilidade e Accesibilidade Urbana, onde se integren os intereses da cidadanía, os axentes económicos e os estamentos políticos, a través do consenso e a participación cidadá.

9. Realización dun Plan Global elaborado por medio dun sistema coñecido por modelación e que consiste en realizar simulacións por ordenador para poder comprobar como se desenvolverían as solucións propostas.

Aberto o debate, intervén don José Manuel Fernández Rodríguez, en representación do grupo municipal do Partido Popular,

o cal manifesta que o seu grupo presenta hoxe unha moción que aporta propostas de solucións a un problema que existe na cidade, que ademais é un problema compartido pola maioría dos cidadáns e de usuarios que tódolos días teñen que entrar, saír ou cruzar por distintas rúas de Pontevedra, é realmente unha realidade que hoxe en Pontevedra existe un problema grave cun tráfico cada vez menos fluído e máis caótico e ademais o manifestan tamén nas enquisas que a veces os medios de comunicación fan periodicamente, esta moción polo tanto é unha moción pensada, é unha moción razoada e reflexionada e cremos que oportuna, porque tamén é un mandato da cidadanía; o tráfico é un problema inherente a tódalas cidades evidentemente, pero hai que abordar o problema con visión ampla, con ideas claras e coa suficiente perspectiva para comprender que a unha cidade non se lle poden aplicar a veces solucións de pobo, como o que está pasando aquí en Pontevedra; esta moción pretende facer propostas de mellora, non vai evidentemente, nin na exposición de motivos di absolutamente nada, contra ninguén, non quere eliminar nada, simplemente quere modificar para mellorar, é unha moción respectuosa e que trae a debate neste Pleno unha realidade patente, un problema de tráfico que existe e ao que hai que darlle a veces solucións imaxinativas; Pontevedra necesita dun plan de tráfico feito por técnicos, con experimentación previa antes de levar a cabo proxectos que logo as consecuencias acarreen problemas de difícil solución, sabemos que zonas como a avenida de Lugo, 12 de novembro, José Malvar, a ponte dos tirantes, avenida de Compostela, o Nudo do Pino, Fernández Ladreda, Uxio Novoneira, Eduardo Pondal, Echegaray, Alfonso XIII e outras rúas da cidade, dependendo da hora, son algúns puntos conflictivos para o tráfico en Pontevedra, ademais a última reforma na confluencia da rúa Cobián Areal con Loureiro Crespo e Benito Corbal en lugar de solucionar un problema contribúe a agravalo aínda máis; ademais nesta cidade, despois das restriccións de tráfico que se están a facer e que van a continuar, non hai alternativas para que dalgunha maneira esta falta de fluído de tráfico se poida solucionar, non temos transporte urbano, non hai ningún tipo de intervención para fomentar o uso de bicicletas e motocicletas, etc., por iso o noso grupo municipal presenta unha proposta de acordo que é a seguinte, propoñer ao Pleno da Corporación a implantación do transporte urbano colectivo, que como sabemos todos foi eliminado polo grupo do BNG na lexislatura anterior, habilitación de carrís reversibles durante as horas punta, estudio das rutas e dos horarios dos autobuses escolares coa implantación de paradas que non interrompan ó tráfico ou o fagan o menos posible, desenrolo de alternativas atractivas ó coche privado, fomentando o uso da bicicleta e a motocicleta, así como habilitar aparcamentos para estes vehículos cerca dos centros comerciais, os centros educativos, os edificios administrativos, etc., proceder a unha reordenación das intersecciónns con reforma no cruce entre as rúas Cobián Areal, Loureiro Crespo e

José Millán, de forma que a rúa Cobián Areal recupere o dobre carril ó igual que o tramo comprendido entre Benito Corbal e a confluencias das rúas Blanco Porto e Javier Puig a fin de evita-lo embudo actual, permiti-lo xiro dos vehículos procedentes de Andrés Mellado cara á rúa Peregrina e Fray Juan de Navarrete e dirección Joaquín Costa, trasladando o paso de peóns existente na confluencia, cambia-la de dirección da rúa Vasco da Ponte, de forma que os vehículos que circulan pola praza de Barcelos poidan acceder a Benito Corbal e Sagasta, elaborar un Plan Integral de Mobilidade e Accesibilidade Urbana, onde se integren os intereses da cidadanía, os axentes económicos e os estamentos políticos, a través do consenso e a participación cidadá e realización dun Plan Global elaborado por medio dun sistema coñecido por modelación e que consiste en realizar simulacións por ordenador para poder comprobar como se desenvolverían as solucións propostas.

Intervén a continuación don José Antonio García Lores, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que o Partido Popular presenta unha moción hoxe similar á que presentaron en xuño do ano pasado e que consiste nunha mestura entre a problemática do tráfico, a circulación, os atascos, a escaseza de aparcamentos ou a falla de transporte, que son temas dun calado importante para os cidadáns indubidablemente e coñecidos tamén por tódolos que os padecemos, casualmente non debe de ser un problema fácil de resolver, porque, á inversa do que sucede nesta Corporación, na de Ourense os grupos do PSOE e do BNG presentaron unha moción similar nestes días atrás dados os problemas que teñen tamén naquela cidade; de todos é coñecido que é un problema que atinxe á maioría das cidades de todo o estado, con independencia de maiores ou de menores índices de peonalización, de que haxa casco histórico ou non, a verdade é que se fixeron cidades para o uso e disfrute do vehículo privado e creo que esa mentalidade hai que cambiala, tal como din vostede precisamente estas enquisas da Voz de Galicia reflicten que o tráfico, o caos, a falla de aparcamentos son problemas principais das sete grandes cidades de Galicia e nese sentido se manifestan os cidadáns, é a primeiro preocupación para os cidadáns de Coruña, Santiago, Vigo e Pontevedra, a segunda preocupación para os de Ferrol, Ourense e Lugo, entón como dicía non debe ser un problema fácil de atallar, porque hai que facer unha actuación global en moitas áreas; estes días de atrás vimos de ver precisamente que na nosa cidade con 47.463 vehículos para case 80.000 habitantes representa aproximadamente dous vehículos por cada tres habitantes, o cal nos dá unha visión ampla e global do problema, problema que deriva probablemente de plans de ordenación ríxidos, dun urbanismo caníbal que pensaba máis noutras cuestións, dunhas infraestructuras deficientes e probablemente se os obxectivos políticos de todos fosen a educación, a cultura, a saúde, o medio ambiente, o desenvolvemento sostible hoxe seguramente teríamos outro tipo de preocupa-

cións; polo que respecta á miña área, no transporte colectivo quero dicirlle que estamos a traballar niso, que efectivamente partimos de cero na nosa cidade e que probablemente no seu tempo fora un erro a supresión do transporte, que foi aplaudida por moitos a pesar do que elo supoñía e do que hoxe padecemos, tamén é certo que o Plan de transportes da Xunta está paralizado e que a propia Dirección Xeral de Transportes non respostou as alegacións que dende os Servicios técnicos deste Concello se lle realizaron de cara á implantación do transporte na cidade e mesmo estes días teñen paralizado o que é o transporte público na cidade de Ferrol; nas conversas mantidas cos operarios do transporte que se moven no noso entorno temos dalgún xeito perxeñado todo o que sería configuración dunha rede inicial, dun estudios de mobilidade, de traxectos, frecuencias, paradas, a unificación de concesións, o prego de condicións, ordenanza municipal, modalidades contractuais, mapa concesional, aparcamentos disuasorios, billete único, bonos, ordenanza, tamaño dos autobuses, sistemas de transbordo, como pode ver unha cantidade inxente de cuestións a resolver e dicirlle que neste sentido algún operador xa ten solicitado pola súa banda tamén a modificación dalgúns trazados; unha das últimas cuestións nas que estamos a traballar é prever dalgún xeito que estas modificacións se acerquen ao Conservatorio de Música, recentemente inaugurado, dado que tanto para os rapaces da cidade como para os que veñen de fóra queda un tanto a desmán na rúa Juan Carlos I e en horarios principalmente de tardes, estamos contemplando todo este tipo de cuestións, e polo que respecta aos aparcamentos lle tomo a palabra tamén e con todo cariño lle rogaría que lle dese traslado desta moción á súa compañeira do Partido Popular e Delegada de Cultura a ver se podemos dalgún xeito axilizar o trámite de aparcamento da praza de España, dado que a urxencia de prazas de aparcamento como vostedes ben din, é urxente; anúnciolle o voto en contra por parte do grupo socialista dado que, como lle digo, estase a traballar globalmente en todas estas áreas e a resolución non é fácil.

Intervén seguidamente don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que estes son un tipo de debates que creo que hai que afrontar de maneira demorada e aclarar moi ben que modelo hai detrás e en que consiste o debate de fondo, á parte dos detalles concretos; entón permítaseme dicir antes de nada unha pequena reflexión, que o vehículo individual é un invento marabilloso que nos dá unha autonomía impensable hai non tantos anos e que permite unha calidade de vida en canto a mobilidade enorme, ten outros problemas, os problemas de contaminación, etc., pero ten un problema fundamental que é que en zonas de gran masificación da actividade urbana, no centro das cidades e na periferia das cidades, funciona francamente mal, é un problema que levan moitos anos incluso teorizando dende o Congreso de Atenas, deseñar as cidades en función do vehículo,

así se deseñaron algunhas, Brasilia por exemplo, en parte os Anxeles e o fracaso segue sendo enorme, porque o volume é cada vez maior e é un problema ben simple, simplemente non hai posibilidade real de compatibilizar unha calidade urbana mediana, xa non digo óptima, coa circulación irrestricta e coa expectativa de tódolos conductores de circular cando e como queiran, iso é un problema imposible, polo tanto hai que optar claramente por un modelo ou por outro, pola calidade urbana ou por esa expectativa que permitiu exactamente recuperar a calidade de vida das cidades e curiosamente en Pontevedra se incorporou, nin antes nin despois que outros, simplemente despois que outros e antes que outros e no momento en que se decidiu; en Pontevedra neste sentido houbo algún intento ao principio dos anos 80 fracasado e houbo algún nos 70 como foi a Oliva, pero neste último momento administrativo histórico empezou no mandato 95-99 coas actuacións en Peregrina, Benito Corbal, Michelena e Marquesa, iso evidentemente seguiu despois xa dunha maneira máis acelerada e máis global e o debate, por sorte ou por desgracia, sempre estivo no mesmo sitio, con distintas formas, non dicir abertamente ou dicilo segundo os momentos que está en contra da calidade urbana, polo tanto da restricción do tráfico, facéndoo compatible con esa calidade urbana, ou senón coa mesma volta e contravolta que son os técnicos, non son os técnicos, deixan de ser os técnicos e demais, e poño un exemplo, na avenida de Vigo hai informe de catro técnicos que o correcto e a única solución posible é o único carril e o debate era que non estaba informado polo técnicos, estamos agardando que haxa un contrainforme, que algún técnico solvente poida dicir que unha sección como é a avenida de Vigo acepta dous ou tres ou vinte e catro carrís, o que se lle ocorra a calquera nun momento de quentura de coco discorrendo o que dá, unha rúa que ten 14 metros non dá máis que para un carril, simplemente non dá e os técnicos informaron catro distintos, dos enxeñeiros e dous arquitectos, e seguimos con esa mesma discusión e agora volvemos outra vez, pero os proxectos que están en marcha non é so que se informaran, é que os fixeron os técnicos, o firmaron e fixeron as seccións e é o que estiman oportuno dentro da concepción que teñen de todo o deseño da cidade e volve outra vez que non, sempre é a mesma música, estamos en contra da peonalización, non o dicimos e entón andamos dando voltas, eu creo que é mellor falar claro e cando non se fala claro cáese en contradiccións como que se propoñan medidas concretas sen ningún informe técnico, porque vostedes están propoñendo medidas concretas sen ningún informe técnico, os proxectos que estamos facendo van todos avalados tecnicamente, feitos por técnicos e resulta que vostedes propoñen algo francamente curioso; o que hai de fondo é un xiro moi profundo do Partido Popular, que se nota a nivel ideolóxico, a nivel do congreso interno que tiveron, a nivel municipal, dende que defenestraron houbo ese cambio, un xiro moi á dereita en tódolos aspectos, incluído este, dende que

cambiaron o cabeza de lista e defenestraron o anterior equipo, é curioso, por exemplo, imaxínense o cambio de tocata, cando foi a peonalización do último tramo da Daniel de la Sota, Peregrina e Glorieta de Compostela saíu adiante por votación na Comisión de Urbanismo coa colaboración do grupo municipal do Partido Popular, uns meses despois estaban presentando un contencioso contra ese mesmo acordo e non só sobre ese acordo, senón que estaban presentando un contencioso para cargarse a peonalización da praza da Peregrina que fixera o Partido Popular e agora veñen vostedes a cargarse as árbores e o primeiro tramo de Benito Corbal, que é unha obra que executou o Partido Popular, eses son feitos que están aí e que ninguén pode discutir, vostedes se votaron ao monte con moitas outras cousas pero iso xa é un problema interno seu, pero que pouco ten que ver con isto; evidentemente o problema do tráfico préstase a facer toda a demagoxia que se queira, porque é un problema difícil, pero se hai en Pontevedra un problema grave de tráfico, e vostedes o citan aí, é precisamente como consecuencia da falta de viais doutras administracións, non temos circunvalación, hai que seguir metendo todo o tráfico pola ponte da Barca, co cal claro que repercute en Alfonso XIII e en Echegaray, pero é que ese tráfico de saída de Pontevedra non debía estar agora por aí se tivéramos unha circunvalación digna de tal nome; son vostedes tremendamente predecibles, que ían a presentar algo disto estaba asegurado, ¿en que clave? cada vez na que se lles ocorra, como non hai proxecto pois vai por un lado ou por outro, por onde cadra, como era previsible que no Pleno anterior se anuncia que vai a modificarse o contrato, que fixeron vostedes, de xardíns que nos está creando serias limitacións, que hai que modificalo para poder atendelos mellor, se anuncia na prensa que se vai facer unha opción sobre xardíns, neste caso resulta que pasamos aí un mes de decembro e principio de xaneiro no que se dan unha serie de circunstancias moi claras, veñen os técnicos da Fundación ONCE e o Inserso a supervisar as obras de barreiras, tíñamos perdidos os remanentes, porque tódalas cidades perderon, nos din que os apliquemos porque o estamos facendo moi ben, consecuencia diso é a obra de eliminación de barreiras, non doutra cousa, do cruce de Cobián Areal, temos un aval no que é a cantidade de xente de fóra, dos arredores e doutras cidades, Vigo, Vilagarcía, Santiago, foi enorme, creo que iso ninguén o pode negar, ninguén recordará un Nadal no que houbera tanta xente por Pontevedra, evidentemente esa xente ven en coche e hai problema de tráfico, a consecuencia evidente de que está funcionando moi ben Pontevedra iso non o poden soportar, o levan moi mal, hai unha exposición moi exitosa e entón botan man das directrices que lle dá o señor Fraga e o señor Rajoy, cando ven aquí o señor Fraga e di que somos uns integristas en contra do coche, uns integristas ecolóxicos, etc.; por certo unha pequena anécdota, os máis graves problemas que tivemos aquí foi co señor Fraga e co señor Rajoy, acórdome perfectamente cando veu ao

Café Moderno que non había bolardos e estaba funcionando medianamente ben a praza de San Xosé que a xente non subía e houbo que poñer bolardos porque a caravana do señor Fraga fixo unha praia de estacionamento en toda a praza de San Xosé e o mesmo nos fixo na Deputación algunha vez e o señor Rajoy cando veu un día ao Casino a unha cea meteu toda a caravana aparcada en Manuel Quiroga, ou sexa que teñen unha actitude moi clara e dan unhas directrices que vostedes asumen, que é que hai xente que ten dereito a meter o coche onde lle dá a gana aínda que rebente a cidade, iso o digo porque tamén está ben que teñan certa información e saiban o que está pasando, entón veñen coa lideira de que escoitemos aos cidadáns, claro que os escoitamos, escoitamos a xente de rúas que nin sequera sería posible peonalizar que están solicitando que se estudie e que se peonalicen, porque saben que mellora a calidade de vida, escoitamos aos repartidores que teñen que facer o seu servizo, escoitamos a todo o mundo e buscamos unha solución equilibrada en aras da calidade de vida, vostedes si que se escoitan clarisimamente, non hai máis que botar man da executiva local, entón fan unhas pinzas estrañísimas que eu creo que a cidadanía cada vez se dá máis conta e que os leva a facer cousas moi estrañas, Rosana López Salgueiro impide o estacionamento, vostedes quéixanse de que non hai estacionamento, despois chega Gregorio Andión non quere as obras, vostedes veñen aquí de portavoces de Pontevedra Activa, que é realmente a política que están sacando en canto ao deseño de cidade, funcionamento e modelo, á parte de sentarlle moi mal que estea funcionando moi ben, coa consecuencia de que un funcionamento moi bo atrae máis tráfico e crea problemas en certos puntos, pero se converteron nos portavoces de Pontevedra Activa, incluso cargándose medidas que adoptou o propio Partido Popular no mandato 95-99 ou que permitiu durante o seguinte mandato e o exemplo máis claro ademais é o do contencioso, que xa é tal a rabia que as cousas vaian adiante seguindo outro modelo, que o PP intentouno facer no 95-99 pero outro sector do PP está absolutamente en contra que vaia adiante, que unha decisión política a converten nun pleito e a converten nun contencioso e nós estamos abertos antes, agora e sempre a que realmente os que esteamos por apostar e por converter esta cidade se faga de maneira consensuada, pero evidentemente con alguén que está tan claramente en contra, que se mañá o contencioso, agardemos que non sexa así, se carga a peonalización da praza da Peregrina ou da Glorieta de Compostela, que non vai a suceder evidentemente, vostedes seguen mantendo iso, din que están de acordo e por outro lado están no xulgado intentando que se carguen toda a peonalización que se fixo en Pontevedra, comprenderán que con iso non podemos aceptar esta moción, nin podemos aceptar o seu plantexamento, porque non podemos discutir, podémoslle explicar, por exemplo, que a Glorieta de Compostela está funcionando razoablemente ben sen bolardos porque hai moi pouquiño tráfico en Peregrina-Fray Juan de Navarrete, se se abre virán moitos máis

coches para atallar, co cal haberá que poñer bolardos e aquilo se converterá nunha praia de estacionamento con problemas tódolos días e lle podo explicar que as medidas están todas relacionadas e cando se tomaron estaban moi estudiadas, se pode incluso pasar aos técnicos para que se miren certas posibilidades, pero se hai vontade por parte de vostedes de chegar a un consenso e no avanzar nesta dirección, evidentemente mentres non retiren o contencioso, e mesmo polo contido da moción, é evidente que non o hai en absoluto, entón hai unha confrontación moi clara de dous modelos que vostedes defenden o seu, dígano abertamente, deféndano, son os portavoces dos postulados de Pontevedra Activa, non se faga ningunha obra, tódalas obras teñen problemas, non se mellore nada porque todo ten problemas e digan abertamente queremos volver a meter o tráfico na Peregrina, queremos metelo na Glorieta de Compostela, dígano claramente, non anden a volvas con que si é unha cousa técnica ou non, porque niso non teñen nada que facer, vostedes presentan unha moción que tecnicamente non ten nada e en contra hai unhas directrices xerais xa de hai tempo e uns proxectos única e exclusivamente dos técnicos, polo tanto aí non teñen nada que discutir, simplemente é un circunloquio para negar o que é moi evidente, que é que vostedes nisto se votaron en contra da práctica de sectores do PP de Pontevedra e non digamos de Ourense, por exemplo que está peonilizando gañando espazos con outra concepción se cadra distinta, ou do Oviedo, ou de Valladolid, ou de Tordesillas, ou doutras cidades nas que vostedes gobernan, pero nas que parece que hai un PP bastante máis centrado, aquilo que dicían antes o centro, parece que algúns se correron un pouco ao centro e pegaron un vaivén corréndose á dereita moitísimo máis, que me parece que é o caso de vostedes.

Incorpórase á sesión don José Rivas Fontán.

Volve a intervir o señor Fernández Rodríguez, dicíndolle ao señor García Lores que non entende o voto en contra da moción cando manifesta vostede que considera un erro suprimir o transporte urbano, cando di que en Ourense os grupos do BNG e do PSOE presentan nese Concello unha moción similar a esta, ou cando di que están a traballar precisamente para solucionar problemas do tráfico e vostede recoñece que existe un problema de tráfico, entón o voto contrario é un tanto estraño, non sendo que obedeza, como evidentemente é así, a pagar a peaxe de formar goberno, pero votan en contra dos intereses dos cidadáns; señor Mosquera, é verdade que algunhas veces vimos traendo aos Plenos cuestións recorrentes pero que os cidadáns que padecen situacións de tráfico na cidade teñen dereito a que se debatan as veces que sexa necesario os problemas que teñen e vostede perverte de maneira intencionada calquera tipo de debate sobre esta cuestión ou outra que non lle interese cando se fala do seu modelo de cidade, porque vostede actúa de líder, case de caciquillo cidadán, olvidándose dos intereses

dos demais, da participación cidadá, que nin sequera a escoita, e me falaba antes de consenso ¿cando vostede ofreceu consenso? ¿se refire ao consenso do Pleno da peonalización ou ao consenso do Pleno extraordinario posterior onde o PSOE votou a favor de que se retirase o bando? será ese consenso; señor Mosquera, despois fálolle da peonalización, desa falacia que vostede sempre nos solta aquí dicindo que o PP está contra a peonalización, mentira, para vostede a situación no cruce de Cobian Areal, Uxio Novoneira e Benito Corbal non é problema, a avenida de Vigo e Fernández Ladreda non é problema, Eduardo Pondal non é problema, a ponte dos tirantes e a zona por diante do Estadio da Xuventude non é problema, José Malvar e 12 de novembro non é problema, a avenida de Vigo e a entrada en Pontevedra non é problema, a ponte de Santiago e Manuel Pintos fronte aos colexios non é problema, Riestra cando se atasca tampouco é problema e que as ambulancias non poidan acceder coa rapidez a que teñen dereito, por exemplo, ao único sanatorio privado que hai en Pontevedra, que é o sanatorio Domínguez cando veñen por Eduardo Pondal, iso para vostede tampouco é problema, vostede non ten problema, porque a vostede hai que dicirlle amén a todo, senón se enfada, pero ¿que solución nos dá vostede aos cidadáns? as solucións que nos dá son carencia de transporte urbano, suprimiuno vostede simplemente por unha cuestión monetarista, evidentemente os cartos non chegan cando se dedican despois a multiplicar polo cen por cen as obras súas nesta cidade, Mercado, Casa das Campás, etc., pero vostede se carga un servizo básico e obrigatorio por lei en cidades de máis de 50.000 habitantes, menos mal que o señor García Lores recoñece que foi un erro, vai ter que tirarlle das orellas por ese recoñecemento; en canto aos aparcamentos, señor García Lores, ten todo o noso apoio coa Delegada de Cultura para que ese aparcamento saia adiante, pero o que non pode facer é ter unha reunión o xoves cos técnicos de Patrimonio e enviar o proxecto o mércores, o día antes, porque non se pode estudiar; os aparcamentos na periferia, esa é outra solución, aparquen vostedes na periferia lle din aos 25.000 habitantes do rural, pero resulta que na periferia non hai aparcamento vixiado e se están cargando os coches os cacos, nos están rebentando sistematicamente os coches, roubándonos e rompéndonos os cristais dos coches, pregunte na Policía cantas denuncian hai, se vostede quere aparcamentos na periferia vixíe, ¿ou teñen que facelo os gorrillas? ese é o aparcamento disuasorio que vostede nos plantexa, ¿ofrece vostede aos cidadáns medios alternativos? por exemplo, temos dificultades, vamos a potenciar o uso da bicicleta, vamos a facer aparcamentos para motocicletas, etc., hai un só aparcamento para motocicletas que está na calle Andrés Muruais e está abarrotado, debía servirlle de exemplo e que non teñan que meter as persoas as bicicletas no medio dos coches porque evidentemente llas rompen; logo me di que non temos circunvalación, pero é que a circunvalación nola cargamos os grupos políticos todos hai catro anos e agora, se-

remos responsables, nós tamén evidentemente, non hai plan de tráfico, señor Mosquera, hai apaños, os técnicos, segundo di vostede que son os técnicos, tamén se equivocan, ao mellor algunha solución hai que rectificala e me di da peonalización, vamos a ver, pedir nunha proposta de acordo implantar o transporte urbana colectivo ¿é ir contra a peonalización? estudiar as rutas e os horarios dos autobuses escolares para facer novas paradas ou cambialas de sitio porque están atascando as rúas en momentos clave ¿é ir contra a peonalización? buscar alternativas, motocicletas, etc., ¿é ir contra a peonalización?, modificar para mellorar rúas en Cobián Areal, Loureiro Crespo e José Millán ¿é ir contra a peonalización? ¿é que está peonalizada esa rúa? ou por exemplo facer un xiro que xa están a facer os vehículos cara á Glorieta de Compostela ¿é ir contra a peonalización? ¿non se circula por esa rúa xa? ¿non se accede ao Sanatorio Domínguez pola parte traseira por esa rúa? o fai a Policía por certo, que se salta á toreira e vai por aí subíndose pola beirarrúa, xira ilegalmente, métalle unha multa á Policía polo menos e isto é ir contra a peonalización; en canto ao bando famoso, argumento de sempre do señor Mosquera, quiten o contencioso, que problema ten, se todo o fixo ben que máis lle dá, vamos a perder o contencioso, tranquilo, non pasa nada, ¿ou está preocupado? aquí fálase do contencioso e noméanlle a bicha, sempre o contencioso, pero non vamos a quitar o contencioso, xa llo dixen outra vez, ¿e sabe porqué non o vamos a quitar? porque o contencioso contra ese bando non é un contencioso contra a peonalización, como vostede intenta vender, é un contencioso contra unha usurpación das competencias do Pleno polo Alcalde naquel momento, porque se produzo un feito incrible, que foi suprimir un vial que está no Plan Xeral e que só se pode facer a través dun cambio do planeamento e o fixo o Alcalde nun bando e iso é a base dese contencioso, porque o Pleno é o que ten que decidir en moitas cousas e aquí houbo unha usurpación clarísima de funcións que corresponden ao Pleno e esa é a clave do contencioso, polo tanto non se preocupe, o contencioso seguirá o seu camiño, o xuíz resolverá e as consecuencias as pagará quen teña que pagalas, non o Partido Popular, o Partido Popular fai o que ten que facer.

De novo intervén o señor García Lores, dicindo que, recoñecendo a problemática que supón o que plantexan na súa moción, a verdade é que as actuacións que propoñen non veñen a resolver o problema, pero o que parece que se desprende sempre do sesgo que lle dan é que nos deixan crer que deste lado non se fai nada e iso é o que a min persoalmente e o meu grupo non nos acaba de gustar; por outro lado, quero dicirlle que persoalmente presentei no rexistro da Delegación de Cultura o día 18 a documentación que se nos requiriu, foi presentada en tempo e forma, o que me preocupa e que xa a pasada semana, non sei se con premeditación, se con predisposición, se anunciaba que de todos xeitos, fose o que fose, non se ía a ver na Comisión de Patrimonio do día 20, iso é o que me preocupa.

A continuación concédese a palabra á portavoz do grupo municipal do Partido Popular, dona María Teresa Pedrosa Silva, quien manifiesta que pertenece a la Comisión de Patrimonio y he de decirle que efectivamente usted la registra el día 18, los registros, en esta casa ocurre igual, se abren el día siguiente por la mañana y se reparten el día 19, se le entregan a los técnicos y la Comisión de Patrimonio fue el día 20, ayer por la tarde, entonces lo lógico es que, en un proyecto de gran calado para esta ciudad, los técnicos de Patrimonio tengan por lo menos un día para estudiarlo, dos días para hacer un informe y que luego todos los demás que están en la Comisión de Patrimonio lo vean, ese día no lo tuvieron, es más, la Comisión de Patrimonio se convoca con anterioridad, usted imagínese que le hacen llegar para meter en el Pleno una propuesta que exija unos informes de un montón de equipos técnicos el día anterior a la celebración de la sesión después de haberse fijado el orden del día, no es que no haya ninguna intención, es que nunca presentaron un proyecto hasta el día 18 en la Comisión de Patrimonio, en un año y medio, para poder ser estudiado.

Volve a intervir o señor Mosquera Lorenzo, dicindo que esta discusión a verdade creo que podería dar bastante máis de si se estiveran as cartas sobre a mesa e non dando voltas sobre o mesmo, o que si é preocupante no fondo é o profundísimo descoñecemento que ten, tanto do que sucedeu aquí en certas cousas, como do que sucedeu en materias tan sensibles como o tráfico, señor Fernández, ¿como se pode dicir que unha ambulancia ou a Policía dá volta por enriba dunha beirarrúa? ¿non sabe que teñen un réxime especial e poden pasar por onde necesiten sen ningún problema? é grave non saber iso, é máis, tanto é así que a veces abusan con certa alegría e se lle permite sen maior problema; co estacionamento de bicicletas non sei se sabe que hai unha moción aprobada do seu grupo que se puxo iso na primeira obra, pero que nas demais obras van contemplados os estacionamentos de bicicletas, nas obras desta reforma que están agora en marcha, non sei se o sabe, hai unha moción aprobada e si se contempla, o que non está fixado é o sitio de carga ou descarga ou contenedores ou servicios que se van a colocar, é francamente sorprendente; con respecto ao transporte urbano, aquí nunca houbo transporte urbano municipal, hai transporte urbano por concesións da Xunta, o que houbo foi unha concesión provisional e experimental que durou non sei se dous ou tres anos e da que se sacaron unhas conclusións, pero legalmente non se podía manter porque era experimental á espera de facer unha concesión e os resultados foron moi dubidosos como para poder facer a concesión xa sobre aquela base, polo tanto nunca o houbo, foi experimental e incluso non era prorrogable, se prorrogou dunha maneira moi dubidosa e moi alegal cando menos durante un ano, nunca o houbo porque afectaba á competencia, non se podía dar a unha empresa mediante un convenio, había que facelo dunha maneira moito máis definida, po-

lo tanto non nos cargamos ningún transporte urbano porque nunca o houbo, houbo un experimento que como tal experimento sacou as súas conclusións positivas e negativas, a maioría negativas, pero que serven de base para cando se faga a concesión definitiva, a concesión ben feita e non daquela maneira de moi dubidosa legalidade e desde logo improrrogable, iso supoño que o saberán, porque se non ou estamos terxiversando os feitos ou demostra un descoñecemento bastante profundo; con respecto ao contencioso do Pleno é altamente preocupante, no mandato de Juan Luis Pedrosa cargouse un vial que estaba no Plan como sistema xeral igual que todos, que era o que saía da Ferrería, praza de Ourense-Benito Corbal, ¿tiña competencias o Alcalde do PP para facelo? se a tiña igual que o seguinte e se non a tiña igual que o seguinte, por favor, o que está de fondo non é iso, non lle dean voltas, non hai ningunha actuación que se fixera no mandato 1999-2003 que en canto a competencias non se tivera feito antes xa por outros Alcaldes;evidentemente, o que dixen antes, houbo un cambio moi profundo en actitude e había unha sección do PP que estaba de acordo en aumentar a calidade urbana da cidade cunha serie de medidas, entre elas a peonalización ou restricción de tráfico, e outro que non o está e vostedes están incluso propoñendo cargarse con ese contencioso cousas que fixo un goberno do PP aquí, chega ao extremo de que están en contra da peonalización e non da que fixemos nós, da nosa e máis da que fixeron vostedes, iso é o fondo da cuestión, entón teñan coidado e non anden cambiando o que realmente é así; tamén é moi preocupante, con respecto ao do tráfico, as cousas que están dicindo, que demostran un descoñecemento francamente profundo, evidentemente hai un lío de tráfico en Cobián Areal, porque é o primeiro vial céntrico que mete tráfico, antes estaba entre Sagasta e Benito Corbal ou entre Cobián Roffignac, Benito Corbal e Michelena, miúdos atasco había aí, claro que os hai, se quere os técnicos son capaces de eliminar ese atasco, pero ese atasco irá para outro lado, só hai dúas posibilidades ¿queren volver a meter o atasco en Benito Corbal e Castelao? ¿queren metelo para a dentro? dígalle a tódolos miles de peóns que pasean tódolos días na zona máis céntrica que lle vai a meter os coches e os vai botar fóra, ¿cortamos o Anel da Eiriña que é o único anel de distribución que temos? esa é a situación, é o sistema viario que temos, temos as circunvalacións que temos e non é ese o problema de fondo, é que non aprenderon da historia, no Centro Histórico todo o mundo denunciaba que ía a haber catástrofes, que ía a haber circulación, non hai pivotes, todo o mundo se sirve cando hai necesidade dun servicio ¿cal é o problema de fondo? non creo que sexa un Pleno o sitio para dar explicacións dese tipo, pero xa que vostedes seguen con iso pois llas dou, hai un problema de fondo, nun entramado urbano moi cargado, como é o centro de Pontevedra, o tráfico que realmente necesita servirse é asumible, o que non é asumible é o tráfico de paso e o tráfico que anda dando voltas a ver se topa un sitio para

aparcar, que non o vai topar, iso multiplica por tres o tráfico que realmente necesita entrar, ¿cales son as medidas? en Londres puxeron cobrar por entrar, que me parece unha verdadeira barbaridade, ¿como logramos discriminar os que realmente necesitan ou os que andan dando voltas? esa é a gran cuestión que é o problema de fondo para resolvelo, se vostedes realmente estiveran defendendo que a cidade ganou calidade, que ten que ganar máis e que hai que deixar que se sirva todo o mundo que necesite ir co coche, pois podiamos estar discutindo como lográbamos que os que se meten por aí coa expectativa de ter unha praza de estacionamento en superficie, que non ha hai, porque se meten 20.000 para 500 prazas, ¿que lográbamos? primeiro que non andaran gastando gasolina dando voltas en van e segundo que non atascaran aos que realmente necesitan entrar, ese é un debate por exemplo moi ben centrado, iso do tráfico non é nada fácil e se poden discutir tódalas solucións e tódalas variantes e incluso experimentar, incluso probar a ver se funcionan unhas ou outras, sempre sobre eses parámetros que é cos que funcionamos, que quen necesite servirse que se sirva e se non pregúntelle aos repartidores que antes no Centro Histórico non podían repartir porque estaba todo atascado e agora reparten de marabilla, ou a alguén que ven buscar un televisor ou algo pesado que antes non podía entrar e entra, sobre eses parámetros discutamos o que queiramos, tódalas ideas son benvidas, pero evidentemente dándolle a coherencia técnica que teñen que darlle os técnicos, se estamos discutindo diso nese sentido lle ofrecemos o consenso e falar realmente nesa liña, pero creo que é evidente, polo que acaban de dicir, que non é esa a cuestión, non é iso o que lles preocupa a vostedes, só hai que mirar cal é a súa traxectoria dende finais da primavera de 2002, porque antes si se podía falar e se falaba e co grupo anterior do PP se teñen discutido porque, con diferencias, estabamos máis ou menos na mesma liña, non é o caso e eu agardo que recapaciten e deixen de dar voltas sobre algo que creo que está superado polos feitos, porque vostedes din que hai o 30 ou o 40% dos cidadáns que lles preocupa o tráfico, pregunten o contrario, ¿están de acordo en que se cargara a peonalización? se cadra os mesmos que lle preocupa o tráfico non están de acordo, entón non vaian por aí porque me parece que é un sitio no que xa é un debate superado e é absolutamente sorprendente que a FEMP de 1999 ao 2003, presidida por Rita Barberá, nos chame a conferencias por ser un exemplo de como se está xestionando ben o espacio urbano e vostedes aquí dende 2002 se botan ao monte dicindo que non sei que desgracia estamos facendo con esta cidade, é un problema interno de vostedes, de sectores e demais, que vaian aclarando cando teñan tempo por ben de que todos saibamos a que xogan.

Auséntase da sesión don Miguel Anxo Vázquez Plaza.

De novo intervén o señor Fernández Rodríguez dicindo que

se o señor Mosquera quere debater disto podemos debater, do seu se podo debater, das propostas dos demais non se debate, esa é a súa política e a súa democracia; di vostede que cos que estaban antes podían falar, pero foron eles os que lle puxeron o contencioso e aquí o único que se está cargando a peonalización ou parte dela é vostede, permitindo o tráfico incontrolado a tódalas horas do día, camións, camionetas, cochecitos, pola rúa Michelena e pola praza Curros Enríquez, sen orde nin concerto, dende as 9 de mañá ata as 9 da noite, iso si que é cargarse unha peonalización; en canto ao señor Alcalde, paréceme unha falta de respecto que se estea rindo, eu lle pido un pouco de respecto ás iniciativas e ao que dicimos aquí os Concelleiros, teño dereito a dicir o que eu considero que é oportuno sen que o Presidente da Corporación se ría.

Contéstalle o señor Alcalde que se estaba rindo porque o señor Mosquera lle fai gracia e non o pode evitar.

Volve a intervir o señor García Lores, só para reiterar que a documentación aportada a Patrimonio se presentou en tempo e forma e que os mecanismos de funcionamento da Comisión son cuestión da mesma, o que se trasladou a quen lles fala é que non había técnicos para informar para este día.

Intervén novamente o señor Mosquera Lorenzo dicindo que cada vez que fai un comentario agradéceselle ao señor Fernández e ao grupo do PP, porque se van aclarando máis as diferencias, cando o fan por escrito o pensan moito para que aparentemente non estean moi claros, pero a medida que se quentan e falan queda moi claro e agradécese que haxa claridade; en Michelena nestes momentos entran camións, camionetas e demais porque foi o acordo ao que se chegou cos residentes e comerciantes de que ían a ter servizo cando se cortou ese vial, por certo que se cortou por culpa de que o pavimento estaba en mal estado e polo tanto nós cumprimos cando pactamos con alguén, aínda que algún dos que pactamos con eles aos quince días estaba montando bronca en contra do mesmo que pactamos, pero nós cumprimos o que pactamos; segunda cuestión, para min é unha alegría que a xente que está traballando poida traballar coa máxima facilidade, ¿que lles molesta a vostede? ¿que os que súan, autónomos ou o que sexan, poidan estar co camión no centro da cidade? pois a min no me molesta nada, ao contrario, para min é un orgullo, esta cidade é de todos e máis dos que traballan, e se os que vamos paseando temos que esperar un pouquiño para que exerzan un servizo me parece moi ben, se ordenará, pero o concepto de fondo é fastidiado o que acaban de dicir vostedes, porque aquí hai xente como un autónomo que está repartindo o que sexa e queren que sexa das oito ás dez de mañá porque estorba, non señor, está traballando e está permitindo que a cidade funcione, que realmente hai que ordenalo se cadra nalgún momento si, pero non nos estamos cargando a peonalización, ese era o espírito da peonalización, que o que está traballando teña tódalas facilidades, lease o bando, presentaron un contencioso pero o bando non o leron.

Novamente intervén o señor Fernández Rodríguez dicindo que entón vai ter que substituír por asfalto as losetas que están todas rotas.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de oito Concelleiros (os 8 presentes do grupo municipal do Partido Popular), coa abstención de un Concelleiro (o Concelleiro non adscrito D. José Rivas Fontán) e co voto en contra de trece Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 4 presentes do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Municipal de Urbanismo e Medio Ambiente, acorda rexeitar a anterior moción.

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR REFERIDA Ó COIDADO E MANTEMENTO DOS PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES, DA CIDADE DE PONTEVEDRA.

Dáse conta de moción do grupo municipal do Partido Popular referida ao coidado e mantemento dos parques, xardíns e zonas verdes da cidade de Pontevedra, do teor literal seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presencia de zonas verdes na cidade supoñen unha mellor calidade de vida para os veciños máis alá dunha simple cuestión estética.

É primordial protexer polo tanto este patrimonio que ten a cidade que é a súa paisaxe urbana e as zonas verdes, as cales son vitais para a convivencia, o disfrute da natureza e a educación medioambiental.

Ademais os parques poden converterse nun importante recurso dentro das ofertas turísticas e culturais que ofrece a cidade.

O Grupo Municipal do Partido Popular ten claro que o futuro das cidades será verde ou non será.

Na actualidade as zonas verdes, xardíns e parques de Pontevedra atópanse nun estado lamentable, notándose un deterioro e un abandono dificilmente xustificable, sendo o seu mantemento francamente penoso.

Fiel reflexo do anterior o supón entre outros, a existencia do Parque da Illa das Esculturas practicamente abandonado e con escaseo de mobiliario, o Parque da Familia convertido nun estercoleiro, ¿o Parque de Bugallal?, os xardíns de San Francisco nos que non se repoñen as plantas que faltan, o parque da Praza de Barcelos, as rotondas, o talude de Arcebispo Malvar, o talude da Alameda con Montero Ríos, as entradas á cidade, a falta de coidado das árbores, etc.

Estamos a percibir unha Pontevedra "dura" con poucas zonas verdes e mal atendidas, cun orzamento en inversión e en mantemento das mesmas, cada vez máis elevado e que curiosamente obtén menores resultados.

É imprescindible estudiar e arbitra-las formulas máis eficaces para dar resposta a esta deplorable situación, xa que é obriga dos gobernantes ofrecer á cidadanía unha cidade limpa e cuns xardíns e parques coidados, labor que debe realizar pun-

tualmente o Concelleiro responsable da área.

En xeral temos que manifestar que vimos observando un retroceso moi perigoso na xestión dos nosos xardíns e parques por parte do Concello.

A desidia do Grupo de goberno é tal que habendo caducado o contrato de servicio, conservación e mantemento de determinadas zoas axardinadas do municipio celebrado con PILSA o 23 de novembro do 98 cunha duración de catro anos e unha prorroga de dous máis non procederon a súa renovación.

En consecuencia, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

O Grupo de Goberno do Concello de Pontevedra,

1. Realizará con carácter inmediato un novo contrato administrativo para o mantemento dos xardíns da cidade.

2. Establecerá unha estructura decidida para potenciar e ampliar os espacios verdes da cidade con procesos de rehabilitación, renovación e novas intervencións: exemplo Parque de Bugallal.

3. Procederá a unha permanente e necesaria renovación e mantemento das zonas verdes existentes, entre outras:

a. Parque da Illa das Esculturas.
b. Parque da Familia.
c. Parque da Constitución
d. Praza de Barcelos
e. Xardíns de San Francisco
f. Xardíns de Campolongo.
g. Parque do antigo eucaliptal.
h. Avenida de Vigo e arbolado Fernández Ladreda.
i. Glorieta de Paco Leis e Xardíns contiguos.
j. Xardíns cruce avenida de Marín con Manuel del Palacio.
k. Praza da Castaña e arbolado da rúa Cruz Vermella.
l. Xardíns avenida Buenos Aires e Sindical afectado por obras Cobian Roffignac.
m. Marxes do río Lérez.
n. Avenida de Compostela, tramo recinto ferial.
o. Rotondas e isletas.
p. Outros xardíns e zonas verdes urbanos.
q. E en xeral, limpeza da maleza actualmente existente.

Aberto o debate, concédese a palabra á portavoz do grupo municipal do Partido Popular, dona María Teresa Pedrosa Silva, a cal manifesta que lo que más me sorprende de esta moción y del dictamen de la Comisión es que digan que se rexeita por innecesaria, porque sólo en la imaginación del gobierno local los jardines son un ejemplo de calidad urbana, se los voy a remitir a Rita Barberá al terminar este Pleno, porque me sorprenden cada día más estas afirmaciones; creo que en una ciudad cuando hay un problema sólo se puede arreglar si se reconoce y ustedes no lo reconocen, yo se lo traigo aquí en un dossier que les voy a pasar por si acaso no pasean por la ciudad, estos son los jardines de Pontevedra, señor García Lores,

la Alameda, el talud de Arzobispo Malvar, el Campillo, Fray Tomás de Sarria en las Palmeras, el entorno del Lérez ese que tantos saneamientos ha, las lavadoras están en la Xunqueira de Alba, las cajas de fruta también están en la Xunqueira de Alba, entonces hay un refrán que dice que no hay peor ciego que el que no quiera ver, señor García Lores y señores del grupo de gobierno, porque esta moción va para todo el grupo de gobierno, ustedes hablaban de que ya están haciendo el contrato, pero es que llevan veinte meses gobernando, si a usted un contrato de mantenimiento de jardines le caduca en el mes de noviembre y lleva un año y medio en el gobierno tendrá que tener previsto que le va a caducar, tendrá que hacer un inventario en el mes de julio o en el mes de marzo para que cuando llegue la fecha tenga todo preparado y pueda sacar ese convenio adelante, es que la culpa la tiene el P.P. por supuesto porque el convenio con esta empresa lo hizo el Partido Popular, pero es que ustedes tuvieron dos años para cambiarlo, porque tenía una prórroga de dos años y lo prorrogaron, quiere decir que muy mal no debía estar hecho o muy poca su capacidad de gestión, la suya y la de los anteriores, porque lo han prorrogado, no sólo lo han prorrogado los dos años que le permitía la ley sino que hoy está prorrogado también suponemos, porque hay partes de los jardines de Pontevedra que los siguen manteniendo o sea que entendemos que seguirán prorrogados en este sentido; mucha de la ciudadanía dice que los jardines de esta ciudad son impresentables y el Partido Popular dice que son impresentables y se lo trae aquí, porque no estamos hablando de un caso aislado, estamos hablando de que el presupuesto en el 2004 subió para el mantenimiento de jardines, porque en el 2003 había un presupuesto total de 686.998 euros y en el 2004 de 917.000, la partida de jardines y zonas verdes pasó de 60.000 a 200.000 euros, el mantenimiento y conservación pasó de 180.000 a 258.000 euros, yo siento mucho que le vaya a echar la culpa ahora a no tener presupuesto, pero la culpa es suya y de los otros quince que no fueron capaces tampoco, incluso teniendo un gobierno coaligado, de negociar un presupuesto para que hoy los pontevedreses no tengamos que soportar lo que estamos soportando en la ciudad, en esa ciudad modelo de calidad urbana donde todo está perfecto y donde el señor Mosquera sigue hablando de calidad, la calidad urbana son muchas más cosas que poner pavimento, que por cierto bastante mal puesto porque está roto en su inmensa mayoría, debe ser tan finito que como ahora pasan tantos camiones y no lo tenía usted previsto, tenía que haberlo tenido previsto, señor Mosquera, porque, hoy traje las fotos de los jardines, la próxima vez le traeré las de las losetas rotas en la ciudad, porque parece ser que si no se le trae no lo ven y eso no puede ser; nosotros presentamos una moción estrictamente dedicada a la mejora de los jardines de la ciudad, una moción en positivo, súper respetuosa para que entre todos seamos capaces de mejorar los jardines de esta ciudad y el Partido Popular propone

que el convenio se negocie lo antes posible, que usted haga el proyecto que quiera en los presupuestos, que prepare lo que quiera y que se haga con carácter inmediato, porque ya lo tenía que haber hecho, ya suspendió usted su gestión, porque el primer deber que tenía que hacer era negociar ese convenio en vista de como está, pues si todo estuviera bien, pero en vista de como está la ciudad debía haber negociado, ustedes no quisieron aumentar personal para mantenimiento, en la Diputación Provincial hubo un programa donde se facilitaba a todos los concellos de la provincia personal para el mantenimiento de estas pequeñas cosas de la ciudad y los concellos sólo tenían que pagar el 20%, al Concello de Pontevedra le tocaban seis para mantenimiento, fue el único de los 62 ayuntamientos de la provincia que no quiso, no le hacía falta ningún personal para mantener estas pequeñas cosas de la ciudad, entonces no me digan ustedes que es la falta de medios, si el pacto de gobierno que tienen hace que unos le bloqueen los proyectos de otros la culpa no es de los ciudadanos de Pontevedra ni del Partido Popular, nosotros queremos que se establezca una estructura decidida en el tema de mantenimiento, porque es mucho más fácil mantener todos los días, si en la Isla de las Esculturas hicieran un mantenimiento habitual ahora no sería tan difícil retomarlo, ahora van los caballos, la zona que está mejor cuidada es la que pasta el ganado, pero no está prevista la Isla de las Esculturas para el pasto del ganado, tengo aquí fotografías también de los caballos pastando en la Isla de las Esculturas que me remitió un ciudadano, pero creo que hay que hacer un mantenimiento habitual, común, diario, vea usted los jardines de las ciudades del entorno, las rotondas, ahora le echará la culpa a que unas son de Madrid y otras son de la Xunta, pero las transfieren normalmente y sino exíjale usted, enséñeme todos los documentos donde le exige a las administraciones que incumplen el cumplimiento de ese mantenimiento, pero lo que no puede ser es que por cualquier acceso a la ciudad, entramos por el Pino y hay hasta tiendas de campaña, entramos por el Puente de la Barca y están bien porque son de Poio, pero no puede ser que todos los sitios y los espacios verdes estén de esta manera, por eso nosotros proponemos una mejora continua de los jardines de nuestra ciudad y lo exigimos, exigimos que dejen de ser basureros, ahí también le compete a la señora Cuellar, por eso hablo de la moción como del grupo de gobierno, le compete a todos, el talud de Santa María es un escándalo, lleva así meses y me dicen que es que algunos vecinos pidieron que quedara así para que les recuerde el botellón, yo también pido el cambio de tráfico y no lo cumplen y también pido que oigan a algunos vecinos y no lo cumplen, o sea que eso no vale, yo pido que se tomen en serio este tema, por favor, que tendrán toda la colaboración que quieran, porque la imagen de una ciudad es importante y el disfrute de sus zonas verdes es uno de los requisitos que los ciudadanos exigen para mejorar esa calidad urbana que ustedes tanto venden y

tanto imaginan, lo imaginan en ese edificio que tenemos al lado porque la verdad no voy a hacer el comentario de la imaginación, porque creo que eso si que es un producto propagandístico, no del gobierno, sino más bien de un partido, pero lo hablaremos en otro Pleno.

A continuación intervén don José Rivas Fontán, Concelleiro non adscrito, dicindo que apoya la moción de sus compañeros de Corporación porque los jardines están mal y como ejemplo valga la foto que no se trae, que es la comparación que hay entre la Plaza de España, durante todo este verano y primavera, con cruzar el Puente de la Barca y encontrarse con los jardines de Poio, cualquier persona que circule encuentra la diferencia, los jardines no están bien, esa es la razón por la que va a apoyar esta moción.

Intervén seguidamente don José Antonio García Lores, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que lle agradece á señora Pedrosa a súa preocupación e reitérolle que no derradeiro Pleno celebrado nesta sala, por alusións, xa lle recoñecía que os espazos verdes da cidade non estaban no mellor dos estados desexables e que se estaban articulando as bases para proceder a unha remodelación e a un cambio substancial para satisfacer as aspiracións de tódolos cidadáns e por suposto a miña propia; é evidente que hai unha escaseza orzamentaria nesta partida, que a houbo sempre, é histórica, e que a consecuencia diso estamos a padecer estas cuestións e non cabe dúbida que tamén unha concepción errónea do tecido de cidade no pasado, como a colocación de chopos ou plátanos que rebentan beirarrúas, que inundan de follas a cidade, que atascan sumidoiros, etc., nos traen agora este tipo de circunstancias, certo é que nestes derradeiros anos houbo tamén un importante incremento de zonas verdes, que aumenta tamén o número de alcorques e gran cantidade de microespazos, como vostede pode coñecer pola cartografía dixital que lles facilitamos para que visen o que se está a facer e o que había antigamente, entón comprenderá que esta diseminación de espacios contribúe a complicar a resolución e o trato individualizado que require cada illeta, ou cada medianeira ou cada rotonda, a veces custa máis o desprazamento a un espazo verde que o propio traballo que hai que realizar alí; o interese desta concellería fixo que por primeira vez, no curso escolar actual, tódolos colexios dependentes deste concello encomezarán as clases cos recintos sen maleza, ou que por primeira vez tamén as palmeiras desta cidade fosen tratadas dun xeito profesional e especializado, a pesar dalgúns, ao mesmo tempo era necesario facer este traballo previo de cartografía dixital para saber o máis aproximado posible o número de metros cadrados que temos de zona verde na cidade, sobre todo a efectos precisamente de elaborar o prego de condicións para o concurso que se faga no momento en que lle corresponda e podemos falar nestes momentos de máis de cen microespazos que nos levan a un total aproximado de 100 hectáreas e, a tí-

tulo comparativo, voulle facilitar unha serie de datos recollidos entre 28 cidades do Estado e para compararnos cos máis próximos, que poden ser Vigo, Coruña ou Santiago, Santiago, co mesmo número de hectáreas que nós, dedica exactamente 400 millóns de pesetas ás zonas verdes con 80 traballadores en plantilla, Vigo acaba de sacar un concurso en 4 millóns de euros e cunha plantilla de operarios entre 88 e 122, Coruña dedica 3 millóns de euros e son os datos máis salientables cos que nos podemos comparar, temos o maior número de metros cadrados de espazo por habitante e dicirlle que se a ratio de metros cadrados por operario na maioría destas 28 cidades se establece entre os 6.000 e os 13.000 metros cadrados, o que sería un campo e medio de fútbol ou dous aproximadamente, aquí se nos dispara a 58.000 metros, que serían en torno a once campos de fútbol, entón non cabe dúbida de que as carencias se arrastran do pasado, aquí chegou a haber 30 traballadores neste servizo e hoxe temos 10; na Comisión de Promoción Económica onde vimos este tema lle falaba da innecesariedade da presentación da mesma porque estase a traballar precisamente nestas cuestións, os técnicos municipais están traballando no prego de condicións e a veces resulta que se dan circunstancias que son alleas a este Concelleiro e os traballadores teñen dereitos legais que disfrutar e é posible que como consecuencia diso esa data do 23 de novembro se lle pasase por alto a determinados servizos; seguindo un pouco coa orde que plantexa no seu escrito, dicirlle que na finca Conde de Bugallal, por exemplo, pódense acercar ata alí para ver que xa se está actuando nela dende hai máis dun mes, cunha fase de desbroce e corta de eucaliptos secos, trituración, fresado e sementado das zonas de actuación e que tamén temos un acordo cos veciños do entorno para manter este parque pechado, dado que existe alí un estanque que require unha certa protección e que pode ser un perigo para persoas maiores, nenos, etc.; respecto da illa das esculturas creo que compre distinguir entre o que é o vandalismo exercido por algunhas persoas contra as esculturas de granito alí existentes e o que é a propia zona verde en si, a este respecto dicirlle que é un espazo natural e que como tal creo que debe de ser tratado, cunha marisma que se autorrexenera, polo que loxicamente a xunqueira non lle imos poñer hortensias polo medio; dicirlle tamén, xa que require algunha documentación, que por fax me teño dirixido a diferentes órganos competenciais, porque a illa das esculturas todos sabemos o problema inicial co tema da xestión do Xacobeo 99, etc., pedindo colaboración á Delegación de Cultura e ata hoxe non temos recibido escrito ningún, dirixíndonos ao Conselleiro Núñez Feijoo da COTOP para que se nos facilitase a documentación sobre as empresas participantes nese proxecto, esixirlle garantías de obra, dado que se caen as pontes de madeira, que aínda non cumpriron oito anos e a propia pasarela de ferro, ata o día de hoxe dende o 22 de abril de 2004 non recibimos resposta, nin creo que a vaiamos a recibir, por outra parte sabe que pronto

vaise dotar dunha escollera que evita a erosión da marxe do tramo interior, que tamén se vai a drenar pola acumulación de lodos; en canto aos xardíns de San Francisco, van a ser remodelados a partir do mes de febreiro, retirándose o seto que impide a visión global do mesmo e con outras actuacións paralelas; a avenida de Bos Aires, Corbaceiras e avenida do Uruguay son outro exemplo do que non debe ser un xardín, tremendamente difícil de usar a maquinaria e de traballar polo seu deseño; Fernández Ladreda vai ser remodelada por Fomento e requirirá tamén unha actuación integral en canto o que é o tratamento das árbores que se atopan nesa rúa; na Cruz Vermella está prevista a poda do arborado, así como en toda unha cantidade de sitios onde nunca se fixo, como a realizada no colexio Xunqueira nº 1, nos Campos, aos que sumaremos os de Mean, Vilaverde, Vidal Portela, Santo André de Xeve e outras zonas e espazos da cidade, como a praza de Barcelos, o Campillo, Estrivela, Said Armesto, Ponte Sampaio e outros; o deseño da rotonda de San Roque ten unha problemática engadida que desgraciadamente se limpa e con tanta folla ao día seguinte volve a estar cuberta e é unha actuación que se fixo non por este Concello; polo que respecta á avenida de Compostela e ás rotondas novas, outra actuación da Xunta de Galicia, que non fixo un seguimento dos traballos xa que houbo que poñer en coñecemento algunhas cuestións, nos entrega unhas rotondas onde aos técnicos municipais non se lles permite inspeccionar as obras, non se nos facilitan as chaves de rego e nos topamos cuns recheos de escombro, sen terra orgánica e a título de anécdota dicirlles que antes de onte na limpeza realizada sacáronse cinco carretillas de pedras por parte dos operarios municipais e estas rotondas novas o que requirirán será vacialas completamente e volver a rechealas de terra; proximamente vamos a proceder tamén a solventar problemas estructurais da brigada de xardíns, que conta cun vehículo só para dez persoas con duplicidade de desprazamentos e perda de traballo, exactamente 4.800 horas ao ano e por iso no presuposto deste ano pasado se fixo o esforzo que se puido e espero que neste do 2005 se produza o incremento que nos encarrile para solventar estes problemas; agradecerlle a preocupación, que asumo e que fago miña tamén, loxicamente como comprenderá un non se mete nestas historias en plan masoca e dicirlle que rexeitamos a súa moción por esa cuestión, realizar con carácter inmediato un novo contrato administrativo, estase niso, establecer unha estructura decidida para potenciar e ampliar, depende dese contrato evidentemente e loxicamente proceder á permanente e necesaria renovación e mantemento de zonas verdes é o que hai que facer, nin máis nin menos.

A continuación, por alusións, intervén dona Nieves Cuellar Redondo, na súa calidade de Concelleira delegada de limpeza, dicindo que en canto ao tema do talud do Campillo de Santa María, en principio aclarar que a limpeza dese talud se fai bastante máis a miúdo do que se facía antes, é unha zona que ten

numerosas dificultades, en primeiro lugar hai que vallar a zona para que non aparquen os coches, o ano pasado se fixo tres veces no ano, e me parece moi ben que o denuncie, a semana que ven está previsto facer limpeza, non porque vostede o diga senón porque tíñamos xa previsto facelo e de todas formas tamén me gustaría que o mesmo que chama a atención porque se faga a limpeza tamén chame un pouquiño a atención ao civismo dos cidadáns, porque o que non podemos é porque ese Campillo tódalas semanas apareza como aparece o talud, facer tódalas semanas un despregue deste tipo, entre outras cousas polo custo que supón e vostede me dirá se quere que a fagamos tódalas semanas facémolo, ¿canto temos que incrementar os impostos para facer esta limpeza extra? porque temos que destinar toda unha maña unha brigada de limpeza que, por outra banda, podería estar facendo outras cousas, nisto está implicado o incivismo e o sabe vostede moi ben, entón estamos tratando de facelo o mellor posible, pero que saiba que iso ten unha dificultade engadida polo tema de como está a situación dese talud e o que implica.

Intervén seguidamente o portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Guillerme Vázquez Vázquez, dicindo que hoxe vivimos un Pleno de alusións, en todo caso vou a empezar dicindo que comparto tamén, como dicía o señor García Lores, a preocupación do Partido Popular, como non pode ser doutra forma, nos temas de xardíns e, falando de tráfico, que teñamos unha preocupación menos, eu quero aproveitar para dicir que lle desexo unha grata estancia aos deputados do Partido Popular que nos visitan nesta cidade e que puideron chegar en tempo e forma a desenvolver os fructíferos traballos que sen dúbida están facendo no Pazo da Cultura, a pesar dos problemas de tráfico que presenta esta cidade e que ten detectado o Partido Popular e, por certo, non soamente coa velocidade requirida polo urxente deses traballo, senón ademais aínda por riba acertando co lugar, porque ata hai pouco o mesmísimo señor Rajoy tiña problemas para chegar a un sitio, que non sabía por onde ir, por tanto unha preocupación menos; polo demais efectivamente compartir en liñas xerais o dito polo señor García Lores.

De novo intervén a señora Pedrosa Silva, dicindo que primero le va a contestar al señor Vázquez, es que los del Partido Popular de Pontevedra somos muy previsores y ya les avisamos a los Diputados que, pese empezar la reunión a las cuatro, llegaran a las ocho por si tenían problemas y entonces llegaron todos muy puntuales, no tuvieron ningún problema, dicen que la ciudad bien, pero no los jardines; señora Cuellar, es un problema de prioridades del gobierno, ustedes son los que están gobernando, no nosotros, ustedes priorizan hacer más zonas verdes que no son capaces de cuidar, planteaban hace pocos meses 90.000 metros de zona verde creo que en Tafisa, ¿para cuidar quien? es que ustedes gobiernan, entonces no me diga que es difícil limpiar el talud, ese talud está en la zona monumental de Pontevedra, esa es una de las entradas a la ciudad

hoy, cuando acabe la reforma dejará de serlo, pero hoy es una entrada a la ciudad y la gente se queda asombrada, se lo puedo asegurar, los alcaldes que vienen a Pontevedra a la Diputación me dicen "si yo tengo esto en mi pueblo me echan", quedan dos años, pero todo llegará, y lo de dos años se lo digo a usted, señor García Lores, ¿cuando piensa arreglarlo? ¿cuando ya no esté en el gobierno? los períodos electorales son de cuatro años, no me puede decir que estamos en ello, vamos a prever, ¿cuando va a estar el contrato operativo? dijeron ayer en la comisión que en octubre, entonces le quedará un año de gobierno, perdió tres y lo peor es que no los perdió usted, los pierden los ciudadanos de Pontevedra que tienen que soportar esos tres años los jardines en ese estado, entonces a mi me parece que es una incompetencia terrible del grupo de gobierno el no ser capaz de gestionar y para colmo que le eche la culpa a los funcionarios, es que los funcionarios tienen permisos y se les pasó el contrato, pero ¿quien es el responsable? el político es el responsable de que se cumpla y de que se ordene, no me diga que porque un funcionario tenga un problema laboral o lo deje de tener no se hace el contrato de jardines, eso no se lo puede creer absolutamente nadie, yo no estoy en absoluto de acuerdo con sus manifestaciones porque veo que son contradicción sobre contradicción, primero dice que es innecesaria, luego se pasa una hora intentando justificar porque está tan mal, o sea parece que al final reconoce que si que está mal Pontevedra en ese tema, pero rexeitan la moción por innecesaria, se ve aquí por parte de todos, porque el Bloque dijo que estaba de acuerdo con lo que dijo PSOE, es decir que es un desastre como están los jardines y también dice innecesaria, pretende echarle la culpa al P.P. porque plantó un plátano o dejó de plantar, aquí los únicos que cortan árboles, señor Mosquera, son ustedes que cortaron los de la plaza de la Verdura, que es sin duda la peor obra que hizo este gobierno en toda su historia, es la peor de todas con alevosía, disminuyan ustedes los espacios si no pueden mantenerlos, yo prefiero tener loseta, aunque no me gustan estéticamente esas que coloca el señor Mosquera, que tener basureros, pues esto son basureros en la ciudad, me dice que se limpian tres veces al año, ¿como puede decirme que un jardín debajo de Santa María se limpia cada cuatro meses? lo están reconociendo también, yo de verdad no lo entiendo, hagan menos obras y mantengan más si es por cuestión presupuestaria, por eso nosotros votamos en contra del presupuesto porque era malo, ahora se está viendo, no tenemos la culpa, pero ustedes votaron a favor, pídale al grupo de gobierno más dinero, no me lo pida a mi, yo posiblemente votaré en contra porque el señor Lores no le dará el dinero, pero si quiere hago una enmienda al presupuesto para decirle que le de más dinero, lo que digo es que se le está pasando el tiempo, que ya estamos a la mitad de le legislatura y que no sé si también estarán en esa misma idea de hacer todo la última semana para que lleguen las elecciones y tengan algo que

vender, porque yo a este gobierno le veo que los dos primeros años parálisis total y luego no sé si se pondrá las pilas los últimos seis meses para hacer el programa electoral y en esa imaginación que hicieron la semana pasada, yo vi en la televisión los anuncios, poder plasmarlo en un programa electoral, pero es que ahora no estamos en época de un programa electoral, estamos ya gobernando, yo creí que me estaba leyendo el programa futuro del PSOE, usted está gobernando y lleva ya dos años casi, entonces se lo digo a usted y a todos los demás, porque creo que esto como es dentro de la calidad urbana, que es el eslogan de Pontevedra, pues le corresponde a todos, me imagino que tuvo culpa de como está la rotonda de San Roque el señor Mosquera, porque antes era de asfalto y estaba limpia, pero ahora que la colocó así le aconsejo que vaya a dar un paseito al acabar aquí, yo le voy a mandar un dossier ahora, porque no encuentro que los argumentos que me hayan dado sean en ningún caso utilizables; hablaba también, y ya con esto remato, que las marismas se regeneran solas, pero las lavadoras y las cocinas que hay por allí creo que no son biodegradables.

Volve a intervir o señor García Lores, dicindo que non o recoñezo ao final, recoñecino de principio e máis no Pleno anterior, como lle dixen, e loxicamente hai unha serie de cuestións legais que cumprir e de procedemento ordinario, entón o traballo de identificación das zonas verdes é preceptivo para o concurso e para a execución do novo contrato de xardinería e loxicamente dicía que había unha dotación ridícula historicamente nesta cidade, por iso espero dar un salto cualitativo a ver se chegamos a 50 millóns máis no presuposto de 2005 e decide ademais a innecesariedade é a intencionalidade con que vostedes presentan estas mocións.

Novamente intervén a señora Pedrosa Silva dicindo que el señor García Lores reconoció que antes, supongo que en la época del P.P., había 30 operarios y ahora hay 10, en cuanto a la intencionalidad, estamos en la oposición, llevar propuestas en positivo para que mejore.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de nove Concelleiros (os 8 presentes do grupo municipal do Partido Popular e o Concelleiro non adscrito D. José Rivas Fontán) e co voto en contra de trece Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 4 presentes do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Promoción Económica, acorda rexeitar a anterior moción.

7.- SEGUIMENTO E CONTROL DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO:

A) MOCIÓNS URXENTES.

MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO, D. JOSÉ RIVAS FONTÁN, REFERENTE Á PRESENTACIÓN POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DA CONTABILIDADE ESPECÍFICA DA DOTACIÓN ECONÓMICA QUE RECIBEN.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o

Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día para debate e votación de moción do Concelleiro non adscrito, don José Rivas Fontán, do teor literal seguinte:

Que al amparo del punto 3 del artº 97 y 91.4 del vigente ROF (Real Decreto 2568/86) y con la antelación suficiente sea debatido en la sesión plenaria a celebrar el próximo día 21 confiando que por la importancia que supone, así lo estime conveniente esa Alcaldía y la propia Corporación, según es costumbre.

Se fundamenta la presente intervención en la necesidad de que los ciudadanos confíen en la transparencia y control con que actúa esta Corporación en la aplicación de fondos procedentes de la hacienda pública y con el objeto de que sean controlados tanto por los servicios económicos propios como por los Tribunales que proceda y con el fin de evitar toda sospecha de malversación de fondos ante la opinión pública.

La vigente Ley de Bases en su capítulo V, artº 73.3.5 (Estatuto de los miembros de las Corporaciones Locales), determina que los grupos políticos deberán llevar una contabilidad específica de la dotación económica que voluntariamente se hayan asignado, tanto en su componente fijo como variable. Teniendo en cuenta que los grupos de esta Corporación vienen percibiendo una cantidad de 115.200 €/año (alrededor de los veinte millones de las antiguas pesetas), se hace necesario que el Pleno de la Corporación así como los Servicios de Intervención conozcan y fiscalicen esta importante cantidad que, por no ser obligatoria su percepción, debe dársele el más escrupuloso trato contable y fiscal en las aplicaciones que la Ley prevé.

Y es por ello que se formula la siguiente Moción de urgencia:

1. El Pleno del Ayuntamiento de Pontevedra acuerda interesar de los grupos políticos municipales que presenten la contabilidad específica a que se refiere la vigente Ley de Bases correspondiente al año 2004 para su incorporación a la liquidación del Presupuesto y su posterior remisión al Consello de Contas de Galicia.

2. Y que se incorpore esta exigencia anual al anteproyecto de Regulamento Orgánico do Pleno do Concello que se está redactando en la actualidad.

Aberto o debate toma a palabra o señor Alcalde dicindo que dado que esta moción non está sometida a ningunha comisión informativa é necesario e preceptivo que se aprobe a súa urxencia neste Pleno, como recomendación lle agradecería ao señor Rivas que como mínimo unha semana antes do Pleno nos faga chegar este tipo de mocións porque nos permitiría que se dictaminaran en Comisión, sempre que sexa posible, aínda que por norma neste Pleno, dende que eu presido esta Corporación, se entende a voa vontade de tódalas mocións que se presentan de urxencia e polo tanto se dá practicamente por sentada a urxencia da moción, por tanto non é necesario que defenda a urxencia

porque xa se acepta por unanimidade deste Pleno, simplemente quería volver a recordarlle que preferimos que se plantexen cuns días de antelación suficiente para que se poidan tratar en Comisión, sempre que sexa posible.

A continuación concédese a palabra a don José Rivas Fontán, Concelleiro autor da moción, o cal manifesta que non ten inconveniente ningún en que esta moción pase a unha Comisión Informativa, porque sei que ningún técnico podería opinar en contra do artigo 73 da lei que di que os grupos políticos levarán unha contabilidade específica das cantidades que voluntariamente se autoasignan, por tal motivo a contabilidade específica está determinada na lei e o único que é vontade do Pleno será aceptar ou non que o Pleno pida esa contabilidade para o oportuno control e fiscalización que lle corresponde en primeira instancia ao Concello e noutras instancias a outros organismos da Xunta e do Estado, quero dicir que non teño inconveniente en que vaia a Comisión, dígollo ao Alcalde e fágolle a proposta porque o tema é delicado e como eu onte ademais, perdóeme Alcalde esta licencia, non asistín ao almorzo por razóns médicas, non quero pensar que no almorzo se falara doutras cousas ou incluso se falara da miña moción, quero dicir que non teño inconveniente en que pase a unha Comisión e que se trate adecuadamente, o único que pido, e iso si que é a razón da urxencia, é que como o presuposto está sen facer ou está sen aprobar, o presuposto leva aparellada unha norma que son as bases de execución e realmente o que pretendía é que nas bases de execución do presuposto se incluíra esta demanda, que está absolutamente de acordo coa lei, non teño inconveniente, insisto, en que se leve a unha Comisión, eu estou na Comisión de Facenda e discutila nesa comisión se é necesario, pero non é o camiño normal das mocións que se leven ás comisións tampouco, esa é a miña opinión, senón entro no tema da moción.

Contéstalle o señor Alcalde que a referencia que fixo foi xenérica, non foi para esta moción concretamente, a urxencia está aprobada e polo tanto pasamos a tratar este punto da orde do día.

Continúa no uso da palabra o señor Rivas Fontán, dicindo que supón que neste tema, polas mans que viu levantar tan rápido, van a estar de acordo, a min gustaríame que noutros temas que afectan a Pontevedra e aos pontevedreses estiveran igual de acordo, proba diso é que temas bastante baladís estannos ocupando bastante tempo neste Pleno e son temas que se debían resolver incluso apelando constantemente aos técnicos, que eu creo que, salvo o que é o informe preceptivo vinculante do Interventor e do Secretario, os demais técnicos do Concello non teñen ningunha opinión que sexa vinculante e preceptiva para a Corporación, por tal motivo que ninguén estea escudándose constantemente nos técnicos para dicir que isto é cousa dos técnicos, porque cando convén os técnicos teñen a culpa, agora este tema non é de técnicos, este é un tema exclusiva-

mente da Corporación, está perfectamente prescrito e claro na lei, por tal motivo dicir que a muller do César non soamente ten que ser honrada senón que ten que parecelo e este é un tema evidentemente que xoga no punto céntrico e fundamental dos sistemas democráticos europeos, e non falo dos sistemas democráticos bananeiros onde desgraciadamente os políticos das repúblicas iberoamericanas o que fan é ocultarlle ao pobo incluso por leis o que perciben ou o que cobra, Europa, a Europa vella á que pretendemos imitar, a Europa esa á que non hai que darlle leccións de democracia que é Inglaterra, que din que teñen a primeira constitución do mundo, din eles que a teñen dende o ano 1200 e pico de Juan sin Tierra, a pesar de que a primeira é a americana no mundo occidental moderno de 1787, quero dicir con isto que o poder da oposición e absolutamente fundamente e é fundamental para que a oposición controle e o poder exerza o seu poder, por tal motivo este é un tema de control, non do poder á oposición, senón que eu doulle unha importancia moito máis transcendente, que é a importancia que ten loxicamente o votante, o pontevedrés quere saber como se emplean os cartos públicos, hai unha serie de controles para administrar os cartos públicos, só hai un que se pode escapar ao control da Corporación e ao control dos Tribunais de Contas, que son as cantidades que perciben voluntariamente, non preceptivamente, os grupos políticos para gastos do grupo e dos concelleiros do grupo, que por certo a min negáronmo e iso si que non está previsto na lei nin hai ningún informe técnico que diga iso, pero con isto quero dicir que a transparencia no uso dos cartos públicos é absolutamente imprescindible, que a lei é perfectamente clara neste tema, a lei di claramente que os grupos políticos levarán unha contabilidade específica, nós creo que temos que ser todos esixentes cos cartos públicos, sobre todo naqueles conceptos que voluntariamente os grupos municipais reciben para administrarse privadamente e non estamos, dende un punto de vista xurídico moi importante, falando dos cartos que reciban ou poidan recibir os partidos, porque os partidos políticos si que non se pode facer pública a súa contabilidade por unha razón moi sencilla, porque existen fondos privados que van a esa contabilidade dos partidos políticos, soamente os tribunais competentes o poden facer, pero o grupo municipal o que percibe e concretamente a cifra que se baralla neste Concello é cercana aos 20 millóns de pesetas anuais, por tal motivo é unha cifra suficientemente importante como para que o Pleno se autocontrole, creo que é un primeiro exercicio de un demócrata exercendo en democracia, autocontrol dos cartos que recibimos, por tal motivo eu creo que calquera ocultación ao control e fiscalización ordinarios nos conduciría posiblemente a unha situación perigosa, dende o punto de vista democrático, pero eu espero que non se lle oculte ao pobo de Pontevedra como administran os grupos políticos os cartos que reciben das arcas municipais, porque non se podería entender e dende logo por moito que intentaran ocultalo, por

moito que negaran esta contabilidade ao Pleno soberano da Corporación e aos órganos de fiscalización do Concello, esta obrigación moral e ética por moito que a negaran pódolle dicir que algún tema que neste Concello empezou con ocultación, e póñolle un exemplo, fun o primeiro en denuncialo, o tema de Tafisa, hoxe xa vemos como está, posiblemente este tema no seu día a sesión de fiscalización do Tribunal de Contas do Estado ou o propio Tribunal de Contas de Galicia terá que intervir e eu aquí denuncio o mesmo, non quero ocultación co diñeiro público e demando no exercicio que a soberanía popular entregou a esta Corporación e como representante popular, sen interese partidario ningún, que se contabilice e se administre adecuadamente sen ocultación, que o Pleno coñeza e que o Pleno actúe e que o Pleno ordene, o contrario sería ocultación e alá a conciencia de cada Concelleiro se por interese político quere ocultar en primeira instancia estes datos ao Pleno da Corporación de Pontevedra, que vai más alá de esta propia Corporación.

Intervén seguidamente a portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dona María Teresa Casal García, dicindo, señor Rivas, de verdade cando lin isto estaba disposta a vir aquí a dicirlle por favor pero vostede que di, como nos vamos a opoñer nós a ningún tipo de transparencia, pero despois de escoitalo vou a seguir dicindo o mesmo cunha pequena emenda, pois despois de escoitalo vostede está presupoñendo aquí que todos somos uns chourizos, porque tivo que chegar vostede para denunciar, non denuncie señor Rivas, demande e estamos de acordo, pero vostede utilizou a palabra denunciar e de momento aquí non hai nada que denunciar, o único que vamos a facer aquí é aprobar, supoño, se acepta vostede a emenda que lle vou a propoñer e se a aceptan os outros grupos, que o que é lexítimo, que é o Pleno, que solicite que os grupo presenten iso e niso non vai a haber ningún problema, pero as formas non están demais, e o señor Rivas ten que sabelo moito mellor ca min, que ten moita máis experiencia, porque voulle a aclarar unha cousa que dixo, que levantamos todos rapidamente a man e non sei se lle entendeu ao señor Alcalde, pero é que resulta que xa levamos mandato e medio con que os temas que se presentan por urxencia non se debata a urxencia, apróbase sen máis, creo que xa é unha mostra de boa vontade, polo tanto por iso levantamos a man sen ningún outro tipo de suxerencia; tamén lle quería dicir outra cousa, xa sei que é un dito iso da muller do César, pero creo que estas cousas tamén hai que allornalas, como se dicía quilo de allornamento, hai que poñelas ao día, porque parece un pouco machista ese dito, entón eu lle diría que hoxe en día os que teñen que demostrar ou aparecer a súa honradez non é a muller, é a muller, o home, o gobernante, o non gobernante, etc., polo tanto digamos que o César non só ten que ser honrado senón que ten que parecelo e deixémonos desas cousas; logo lle quería dicir tamén unha cousa que me chama a atención, porque vostede repetiu

agora e creo que tamén o di aquí recibir voluntariamente, eu creo que aquí máis ben habería que dicir que se lle dá voluntariamente, porque a recepción é voluntaria de calquera cousa que se lle dea, se vostede me dá isto eu o podo rexeitar ou aceptar, é voluntaria a miña aceptación, sen embargo neste caso é unha, non sei se se pode dicir doazón, o señor Secretario me dirá, remuneración ou como se diga voluntaria por parte de quen o dá, non por parte de quen o recibe; dito isto simplemente lle quería dicir que no punto primeiro da súa moción o que este grupo lle propón, porque insisto no que dixen ao principio, pola nosa parte non hai o máis mínimo inconveniente en presentar todo o que haxa que presentar sobre este tema ou sobre calquera tema, entón cando vostede di "el Pleno del Ayuntamiento de Pontevedra acuerda interesar de los grupos políticos municipales que presenten la contabilidad específica", eu lle diría cortar aí e rematar "según lo que establece la legislación vigente", porque aínda que vostede dicía que isto non era un tema de técnicos, dada a urxencia eu polo menos non tiven tempo de consultar, si é tema de técnicos de como se concreta logo esta presentación, etc., non tiven tempo de falar co señor Interventor e co señor Secretario e non sei se exactamente a vixente Lei de Bases contempla isto do xeito que vostede o di, sen embargo se dicimos o que establece a lexislación vixente estamos dicindo que todo o que atinxa a este tema e que este na lei vamos a telo en conta para respostar esta demanda que vostede fai, entón paréceme que queda máis comprensible, que queda de todos xeitos máis cuberto por calquera norma que poida haber na lei ou na lexislación que atinxa a este tema e, en todo caso, logo se consultarán aos técnicos, porque para iso os hai, en canto á forma práctica de levalo adiante, se lle parece ben a vostede nós dende logo estamos encantados de votar a favor desta moción.

Seguidamente intervén dona María Teresa Pedrosa Silva, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que quería hacer una propuesta similar, porque lo vi y no hay ninguna referencia expresa en la Ley de Bases de 2004, con lo cual me parece más oportuno poner legislación vigente porque sino no se podría dar cumplimiento a esta que no hace referencia a la forma de justificación, entonces yo creo que evidentemente la ley establece que el Pleno puede en cualquier momento pedir la justificación de esa remuneración, establecida por unanimidad en este Pleno y nosotros no tenemos en absoluto ningún inconveniente en hacerlo conforme establece la Ley, faltaría más, y desde luego vemos más oportuna también la redacción establecida por la señor Casal, más que nada porque sino sería casi inviable poder hacerlo, estamos a disposición del Pleno, faltaría más, y de quien sea necesario.

Intervén a continuación don Guillerme Vázquez Vázquez, portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que, como non pode ser doutra forma, eu sempre respecto as iniciativas que queira votar calquera e neste caso a que

adopta o señor Rivas; en primeiro lugar, señor Rivas, congratularme de que as razóns médicas que lle impediron asistir aos actos desenvolvidos neste Concello para entregar a dignísimos cidadáns desta cidade os Premios Cidade de Pontevedra non lle impedisen asistir ao Pleno, precisamente que é remunerado por esta Corporación e me alegro polo demais dunha pronta recuperación da súa saúde; dito isto e tamén con tódolos respectos, había un señor que se chamaba Saulo que se caeu do cabalo camiño de Damasco, dende logo a caída do señor Rivas supera con moito a de Saulo, porque, dito con tódolos respectos, o outro día nos deleitou cunha moción ao respecto da gratuidade da peaxe, despois de durante anos ter votado, por exemplo, contra iniciativas deste que lles fala sendo Deputado no Congreso, e hoxe despois de ter votado o señor Rivas recentemente, e aprobado polo tanto neste Pleno, as remuneracións que están recibindo os grupos políticos municipais para o seu funcionamento, por certo remuneracións que se establecen noutras institucións como moi ben sabe o señor Rivas, tamén de repente aparece cunha especie de preocupación sobre como se gastan eses fondos municipais e eu lle quero dicir unha cousa, señor Rivas, máis que a aparente virxindade de buscar a transparencia, está vostede sementando a dúbida de uso deses fondos e a min iso no político si que non me parece un camiño a seguir, porque isto nos retrotrae a tempos pasados e a fáciles demagoxias, a min me parece que se vostede ten constancia de malversación de fondos ou de como os utilizan os grupos municipais, que están dados por este Concello, debería denuncialos en concreto, dígollo con toda a seriedade, porque se non volvemos, e xa sabe que é fácil e vai a haber quen se enganche a este carro cunha facilidade pasmosa, eu seino, se enganchan a todas horas por motivos diversos, pero me retrotrae a tempos pasados, estes son fondos efectivamente voluntarios ou non pero lexítimos, que vostede por certo no seu momento votou e dende logo, como nós tampouco temos ningún inconveniente en que haxa transparencia sobre os mesmos, por certo, cos mecanismos que xa están contemplados na lei, non fai falta ningunha reiteración expresa, pero se é necesario reiteralo se reitera, porque daría vostede a entender coa súa moción e coa súa intervención como se non se estiveran aplicando os mecanismos legais, sería tremendo pensar que quen ten a responsabilidade de que se apliquen os mecanismos legais non o fixese, pero en todo caso a min me parece que a fórmula que plantexa a señora Casal dá satisfacción precisamente á súa inquedanza e dende logo deixara tranquilo, estou seguro, a toda a cidadanía de Pontevedra e polo tanto me parece unha fórmula máis acaída, porque efectivamente o que temos é que responder do que perciben os grupos políticos municipais como subvención, ou como se lle chame dende o punto de vista técnico, segundo o que establece a lexislación vixente.

De novo intervén o señor Rivas Fontán, dicindo que non quero que se me malinterprete, concretamente señora Casal eu

se dixen denuncia equivoqueime e ilustro ao señor Guillerme Vázquez de que eu non pido nada que non pida o artigo 73 da Lei de Bases recente, esa Lei de Bases que vostedes tan ben me aplicaron a min o outro día, na que dicían que non era necesario que un Concelleiro tivera ningunha asignación e voluntariamente dixeron que un Concelleiro como eu non tiña necesidade de ter ningunha asignación variable para gastos de Concelleiro, pero resulta que os Concelleiros que están nos grupos políticos si teñen necesidade, aquí o que eu quero denunciar como arbitrariedade e isto, pero non nun outro sentido e respecto a que eu diga algo que non está na lei evidentemente non, e respecto a Saulo, que debe referirse a Saulo de Tarso, eu non lle dixen Sualo porqué me abandonas, esa é a diferencia que hai; eu non teño inconveniente na redacción, porque o que pretendo é que, estrictamente de acordo coa lei, a contabilidade específica que teñen que levar os grupos políticos sexa reclamada polo Pleno da Corporación, a primeira parte ou a segunda a min dáme exactamente igual e gracias señora Casal pola emenda, porque incluso pode quedar mellor redactado, porque redacteina eu só sen axuda de ninguén, como estou só no grupo non teño asesores nin teño locais e teño eu que redactar como podo, perdoen se ao mellor non está tan ben como o poden facer outros que teñen asignación voluntaria.

Volve a intervir a señora Casal García, dicindo moitas gracias por aceptar a emenda e, señor Rivas, non se sinta só, porque vostede na súa época de Alcalde supoño que pasaría o mesmo, temos uns servicios xurídicos, técnicos, etc., no Concello de primeiro orde que están, estou segura, a disposición dos vintecinco membros da Corporación e dende logo tamén de vostede, ou sexa que non se sinta só.

Intervén novamente o señor Vázquez Vázquez, dicindo que o señor Rivas a min me ten asombrado, eu comprendo que é un veterano político, pero ten a virtude de plantexar as cousas dunha maneira e acto seguido empezar a dicir que non era iso o que quería dicir, non, aquí se di o que se quere dicir; pero polo demais soamente unha cuestión técnica, o que lle dixo a Deus non me abandones non foi Saulo, foi Jesucristo na cruz, iso dígollo para o seu coñecemento.

Durante o debate da moción, a portavoz do grupo municipal socialista propuxo unha emenda cun texto alternativo á parte dispositiva da moción, o que foi aceptado polo Concelleiro autor da moción.

Rematado o debate, someteuse a votación a moción presentada modificada na súa parte dispositiva polo texto alternativo consensuado, pronunciándose a favor da mesma a totalidade dos Concelleiros asistentes. En consecuencia, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación á exposición de motivos da moción presentada e á súa parte dispositiva nos seguintes termos:

1. O Pleno do Concello de Pontevedra acorda interesar dos grupos políticos municipais que presenten a contabilidade es-

pecífica segundo o que establece a lexislación vixente.

2. Que se incorpore esta esixencia anual ao anteproxecto de Regulamento Orgánico do Pleno do Concello que se está redactando na actualidade.

B) PREGUNTAS.

Non se formularon preguntas

C) ROGOS.

Non se formularon rogos.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo Sr. Presidente remátase a sesión ás catorce horas e vinte minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e prace. O SECRETARIO XERAL,
O PRESIDENTE,

Fdo. Miguel Anxo Fernández Lores. Fdo. Julio Dapena Outomuro.